*Hay una cuestión, pero no voy a entrar en ella porque tampoco forma parte del objeto de debate de esta moción y tampoco creo que aporte demasiado, pero bueno, los que estábamos en la..., todas las organizaciones representadas en el Consejo de la Memoria creo que entendieron y entendieron bien los debates que se produjeron allí y las propuestas de resolución que se acordaron, que no coinciden con lo que se ha manifestado aquí, no obstante tampoco ponen en entredicho ni cuestionan el compromiso de este gobierno con la aplicación de la Ley de memoria democrática.*

*Dicho esto, porque parece que se quiere personalizar una responsabilidad que creo que es colectiva... Yo creo que la aplicación de la Ley de memoria democrática o se hace con consenso y de forma colectiva por parte de la Corporación o creo que tendría un gran problema en su ejecución.*

*Dicho esto, total y absolutamente de acuerdo en esta propuesta por dos razones.*

Efectivamente, tamén polo que ten de contido de reparación vinculada á aplicación da Lei de memoria democrática e tamén, e sobre todo, non?, que creo que é moi importante, por que se escolla ós Diplomáticos de Monte Alto para dar nome a esa rúa.

*Efectivamente, también por lo que tiene de contenido de reparación vinculada a la aplicación de la Ley de memoria democrática y también, y sobre todo, ¿no?, que creo que es muy importante, por que se escoja a los Diplomáticos de Monte Alto para dar nombre la esa calle.*

Este concelleiro xa manifestou a súa total e absoluta coincidencia coa proposta nunha recente reunión coa Directiva da Asociación Cultural Alexandre Bóveda a quen anticipo incluso, a un ano do cumprimento do seu 50 aniversario, a felicitación, xa que estamos de felicitacións de aniversario hoxe, por ese traballo inxente durante 50 anos, non?, na nosa cidade e no conxunto do país. Algo haberá que facer o ano que vén para celebrar isto e aí estará tamén o Concello como se merece. Bueno, como trasladei tamén incluso na celebración, falando de efemérides, do 30 aniversario do movemento Bravú, encabezado, como non podía ser doutro xeito, polos Diplomáticos e que se celebrou nun acto moi emotivo no Teatro Colón, efectivamente, nós estamos a favor desta proposta.

*Este concejal ya manifestó su total y absoluta coincidencia con la propuesta en una reciente reunión con la Directiva de la Asociación Cultural Alexandre Bóveda a quién anticipo incluso, a un año del cumplimiento de su 50 aniversario, la felicitación, ya que estamos de felicitaciones de aniversario hoy, por ese trabajo ingente durante 50 años, ¿no?, en nuestra ciudad y en el conjunto del país. Algo habrá que hacer el año que viene para celebrar esto y ahí estará también el Ayuntamiento como se merece. Bueno, como trasladé también incluso en la celebración, hablando de efemérides, del 30 aniversario del movimiento Bravú, encabezado, como no podía ser de otro modo, por los Diplomáticos y que se celebró en un acto muy emotivo en el Teatro Colón, efectivamente, nosotros estamos a favor de esta propuesta.*

Estamos a favor desta proposta porque os Diplomáticos de Monte Alto son esencia de cidade, pero son esencia tamén de país, e isto o di, pois un rapaz que formou parte desa xeración que viviu no Parrús, na rúa Alameda, aquel templo futbolístico, e tamén de cidade, e templo cultural na extensión máis ampla do termo, uns anos, os anos 90, de efervescencia e de reivindicación, non?, de reivindicación da autenticidade desa Coruña de barrios e dunha xeración comprometida con algo que creo que é moi importante, naquel momento, a loita incluso contra os tópicos que se pretendían establecer por parte das élites, digamos, gobernantes ou dominantes que pretendían establecer unha dicotomía entre Coruña de Galicia que ninguén entendía, ninguén que vivise

*Estamos a favor de esta propuesta porque los Diplomáticos de Monte Alto son esencia de ciudad, pero son esencia también de país, y esto lo dice, pues un chico que formó parte de esa generación que vivió en el Parrús, en la calle Alameda, aquel templo futbolístico, y también de ciudad, y templo cultural en la extensión más amplia del término, unos años, los años 90, de efervescencia y de reivindicación, ¿no?, de reivindicación de la autenticidad de esa Coruña de barrios y de una generación comprometida con algo que creo que es muy importante, en aquel momento, la lucha incluso contra los tópicos que se pretendían establecer por parte de las élites, digamos, gobernantes o dominantes que pretendían establecer una dicotomía entre Coruña de Galicia que*

e entendese este país entendía, e que, efectivamente, provocou que unha **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** xeración diferente a esa concepción.

*nadie entendía, nadie que viviera y entendiera este país entendía, y que, efectivamente, provocó que una **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** generación diferente a esa concepción.*

Bueno, os Diplomáticos representan absolutamente todo na defensa da lingua, na defensa de que se poden facer cousas modernas, non?, en galego, de que se pode facer absolutamente todo en galego e de que, efectivamente, A Coruña é unha cidade de barrios e é unha cidade fundamentalmente tamén de xente que veu de aquelo que denominamos en sentido amplo, aldea, e esa xeración da xente **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** dos barrios con aldea se sentiu profundamente representada nos Diplomáticos de Monte Alto e creo que ter unha rúa no barrio de Monte Alto significaría, efectivamente, un acto simbólico de primeirísimo nivel co cal estamos totalmente de acordo.

*Bueno, los Diplomáticos representan absolutamente todo en la defensa de la lengua, en la defensa de que se pueden hacer cosas modernas, ¿no?, en gallego, de que se puede hacer absolutamente todo en gallego y de que, efectivamente, A Coruña es una ciudad de barrios y es una ciudad fundamentalmente también de gente que vino de aquello que denominamos en sentido amplio, aldea, y esa generación de la gente **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)** de los barrios con aldea se sintió profundamente representada en Os Diplomáticos de Monte Alto y creo que tener una calle en el barrio de Monte Alto significaría, efectivamente, un acto simbólico de primerísimo nivel con el cual estamos totalmente de acuerdo.*

**Presidencia**

Moitas grazas.

Procedemos á votación desta moción.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Procedemos a la votación de esta moción.*

**Votación da primeira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o cumprimento da Lei de memoria democrática, producíndose o seguinte resultado:

Vota en contra o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

***Votación de la primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el cumplimiento de la Ley de memoria democrática, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota en contra el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas. Queda aprobada.

*Gracias. Queda aprobada.*

**94. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o cumprimento da Lei da memoria democrática.**

***94. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el cumplimiento de la Ley de la memoria democrática.***

**Acordo**

***Acuerdo***

Iniciar o procedemento correspondente para substituír a denominación da rúa Alcalde Sanjurjo pola de rúa Diplomáticos de Monte Alto.

*Iniciar el procedimiento correspondiente para sustituir la denominación de la calle Alcalde Sanjurjo por el de la calle Diplomáticos de Monte Alto.*

**Segunda. Moción sobre o colectivo LGTBI+.**

***Segunda. Moción sobre el colectivo LGTBI+.***

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Segunda moción do Bloque Nacionalista Galego sobre o colectivo LGTBI+. Señor Soto.

*Segunda moción del Bloque Nacionalista Galego sobre el colectivo LGTBI+. Señor Soto.*

**Señor Soto Díaz**

***Señor Soto Díaz***

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Hoxe traemos unha moción con varias medidas. A primeira delas é a redacción dun protocolo. E, para que un protocolo? Bueno, pois porque o certo é que non disminúe o número de incidentes de LGTBI-fobia na Coruña, incluso o que apuntan os datos é que aumenta a violencia desas agresións e tamén porque en todo o Estado calcúlase que se producen máis de 800.000 agresións LGTBI-fóbicas ó ano, agresións que se ceban sobre todo nas persoas trans, coas

*Hoy traemos una moción con varias medidas. La primera de ellas es la redacción de un protocolo. Y, ¿para qué un protocolo? Bueno, pues porque lo cierto es que no disminuye el número de incidentes de LGTBI-fobia en A Coruña, incluso lo que apuntan los datos es que aumenta la violencia de esas agresiones y también porque en todo el Estado se calcula que se producen más de 800.000 agresiones LGTBI-fóbicas al año, agresiones que se ceban sobre todo en las personas trans,*

persoas con menos recursos e coas persoas máis novas. Isto explícase polo clima hostil cara ás disidencias sexuais, pero tamén polo discurso de odio impulsado pola extrema dereita e por unha dereita que se move entre dar o visto bo e mirar para outro lado ante o que fan os seus socios.

*con las personas con menos recursos y con las personas más jóvenes. Esto se explica por el clima hostil hacia las disidencias sexuales, pero también por el discurso de odio impulsado por la extrema derecha y por una derecha que se mueve entre dar el visto bueno y mirar para otro lado ante lo que hacen sus socios.*

**Ás doce horas e cinco minutos sae do Salón de Sesións a señora Sobral Cabanas.**

***A las doce horas y cinco minutos sale del Salón de Sesiones la señora Sobral Cabanas.***

E, que pasa nas institucións? Pois a pesar deste panorama, a Federación Estatal fala dunha resposta institucional aínda insuficiente, unha insuficiencia que ocasiona, segundo indican os estudos, que moitas vítimas eviten denunciar, pois consideran que é inútil facelo.

*Y, ¿qué pasa en las instituciones? Pues a pesar de este panorama, la Federación Estatal habla de una respuesta institucional aún insuficiente, una insuficiencia que ocasiona, según indican los estudios, que muchas víctimas eviten denunciar, pues consideran que es inútil hacerlo.*

No BNG da Coruña queremos que este concello sexa unha administración próxima e de confianza á hora de dar unha cobertura integral ás persoas vítimas de LGTBI-fobia. Queremos que os servizos municipais estean sensibilizados coa problemática, que conten con profesionais especializados, que o Espazo Diverso funcione como un espazo seguro, que haxa coordinación, e para iso queremos un protocolo.

*En el BNG de A Coruña queremos que este ayuntamiento sea una administración próxima y de confianza a la hora de dar una cobertura integral a las personas víctimas de LGTBI-fobia. Queremos que los servicios municipales estén sensibilizados con la problemática, que cuenten con profesionales especializados, que el Espacio Diverso funcione como un espacio seguro, que haya coordinación, y para eso queremos un protocolo.*

E que podemos facer tamén para atallar os discursos de odio? Dende logo, creo que hai que ir ós centros de ensino, aínda que a Xunta agora quera censurar o que se di neles, pero hai que ir porque os vendefumes se dirixen sobre todo ós nosos rapaces e rapazas e aprovéitanse delas para infundir ideas mendaces sobre cuestións como a igualdade ou a inxustiza social. Este concello ten a posibilidade de incidir nese ámbito e por iso facemos esta proposta.

*¿Y qué podemos hacer también para atajar los discursos de odio? Desde luego, creo que hay que ir a los centros de enseñanza, aunque la Xunta ahora quiera censurar lo que se dice en ellos, pero hay que ir porque los vendehúmos se dirigen sobre todo a nuestros chicos y chicas y se aprovechan de ellas para infundir ideas mendaces sobre cuestiones como la igualdad o la injusticia social. Este ayuntamiento tiene la posibilidad de incidir en ese ámbito y por eso hacemos esta propuesta.*

E para finalizar, trasladamos tres propostas que nos fixeron chegar as

*Y para finalizar, trasladamos tres propuestas que nos hicieron llegar las*

entidades. A primeira, a de reforzar os servizos de atención psicolóxica no Espazo Diverso. A ninguén se lle escapa que o colectivo LGTB afronta un maior risco de situacións de estrés psicolóxico. Datos recentes indican que a probabilidade de que unha persoa trans sufra depresión é 16 veces superior á media. Nós non pretendemos que o Concello lle saque as castañas do lume ó Sergas, pero si queremos que os servizos que se ofrecen se publiciten e reforcen.

*entidades. La primera, la de reforzar los servicios de atención psicológica en el Espacio Diverso. A nadie se le escapa que el colectivo LGTB afronta un mayor riesgo de situaciones de estrés psicológico. Datos recientes indican que la probabilidad de que una persona trans sufra depresión es 16 veces superior a la media. Nosotros no pretendemos que el Ayuntamiento le saque las castañas del fuego al Sergas, pero sí queremos que los servicios que se ofrecen se publiciten y refuercen.*

A segunda proposta que nos trasladan as entidades é que hai que facer algo coas persoas maiores. As nosas persoas maiores medraron nun ambiente opresivo, moitas veces cara ó colectivo LGTB. Corenta anos de Ditadura, señor Mora, a xente que estaba detrás desa ditadura, a xente que ameazaba con, bueno, con causar danos, á xente que asasinaba, tivo elección de poder facer outra cousa e non o fixo, elixiu facer o que elixiu, por suposto que si, e isto provocou que moitas delas permanecesen no armario e que moitas outras descoñezan unha realidade que de seguro é a de algún ser querido.

*La segunda propuesta que nos trasladan las entidades es que hay que hacer algo con las personas mayores. Nuestras personas mayores crecieron en un ambiente opresivo, muchas veces hacia el colectivo LGTB. Cuarenta años de Dictadura, señor Mora, la gente que estaba detrás de esa dictadura, la gente que amenazaba con, bueno, con causar daños, a la gente que asesinaba, tuvo elección de poder hacer otra cosa y no lo hizo, eligió hacer lo que eligió, por supuesto que sí, y esto provocó que muchas de ellas permanecieran en el armario y que muchas otras desconozcan una realidad que seguro que es la de alguno ser querido.*

Nós pensamos que nunca é tarde para reverter o que décadas de persecución e acoso furtaron e por iso pensamos que dende este concello se debe traballar coas persoas maiores para que isto deixe de ser un tabú, e de aí que propoñamos accións específicas en centros de maiores, pero tamén que o Concello apoie iniciativas que busquen paliar a soidade en que moitas persoas LGTB maiores se atopan.

*Nosotros creemos que nunca es tarde para revertir lo que décadas de persecución y acoso hurtaron y por eso creemos que desde este ayuntamiento se debe trabajar con las personas mayores para que esto deje de ser un tabú, y de ahí que propongamos acciones específicas en centros de mayores, pero también que el Ayuntamiento apoye iniciativas que busquen paliar la soledad en que muchas personas LGTB mayores se encuentran.*

En terceiro lugar, pedimos que se poñan **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** solucións —vou rematando— a situacións de tensión que se podan producir nos servizos que se prestan ás persoas sen fogar para garantir o uso

*En tercer lugar, pedimos que se pongan **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** soluciones —voy terminando— a situaciones de tensión que se puedan producir en los servicios que se prestan a las personas sin hogar para garantizar el*

pacífico de tales servizos polo colectivo LGTBI.

E finalmente, queremos tamén que o Concello se coordine con outras administracións para afrontar problemas derivados do consumo de substancias. Como dicimos no texto da moción, non é a nosa intención nin crear alarma social nin estigmatizar, senón poñer sobre a mesa, unha vez máis, que na nosa cidade existe un problema de consumo de drogas que afecta a todos os sectores sociais **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**, pero que se expresa de forma diferente en cada un deles e é necesaria unha actuación diferenciada ante cada situación para actuar con eficacia. Como a Xunta aí, unha vez máis, está quedando curta, consideramos que é preciso que o Concello impulse o diálogo necesario entre as administracións e entidades. Grazas.

**Presidencia**

Grazas, señor Soto. Turno do Partido Popular, señor Lorenzo.

***Señor Lorenzo Torres***

*Moitas grazas, señora alcaldesa.*

*Bueno, está ben esta moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego, sobre todo nesta semana que celebramos a Semana do Orgullo.*

*Indubidablemente, ao longo da historia vostedes falan da primeira gran revolución gai cando foi a protesta en Stonewall e como evolucionamos, grazas a deus. A sociedade cambiou e, por suposto, as leis cambiaron e favorecen agora moito ao colectivo, pero non cabe dúbida, non cabe dúbida que aínda queda moito por facer e estamos a ver, estamos a ver ese discurso de odio mesmo*

*uso pacífico de tales servicios por el colectivo LGTBI.*

*Y finalmente, queremos también que el Ayuntamiento se coordine con otras administraciones para afrontar problemas derivados del consumo de sustancias. Como decimos en el texto de la moción, no es nuestra intención ni crear alarma social ni estigmatizar, sino poner sobre la mesa, una vez más, que en nuestra ciudad existe un problema de consumo de drogas que afecta a todos los sectores sociales* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)****, pero que se expresa de forma diferente en cada uno de ellos y es necesaria una actuación diferenciada ante cada situación para actuar con eficacia. Como la Xunta ahí, una vez más, está quedándose corta, consideramos que es preciso que el Ayuntamiento impulse el diálogo necesario entre las administraciones y entidades. Gracias.*

***Presidencia***

*Gracias, señor Soto. Turno del Partido Popular, señor Lorenzo.*

**Señor Lorenzo Torres**

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Bueno, está bien esta moción que presenta el Bloque Nacionalista Galego, sobre todo en esta semana que celebramos la Semana del Orgullo.

Indudablemente, a lo largo de la historia ustedes hablan de la primera gran revolución gay cuando fue la protesta en Stonewall y cómo hemos evolucionado, gracias a Dios. La sociedad ha cambiado y, por supuesto, las leyes han cambiado y favorecen ahora mucho al colectivo, pero no cabe duda, no cabe duda que aún queda mucho por hacer y estamos viendo, estamos viendo ese discurso de odio

*auspiciado por moitos gobernos, só hai que ver o caso de Hungría ou o caso de Rusia onde o colectivo LGTBI está totalmente perseguido. Por iso parécenme positivas este tipo de medidas que vostede propón. Non son moi concretas, supoño que haberá que concretalas nun futuro e esperemos que esta moción, que seguramente hoxe aprobaremos por unanimidade, pois se cumpra e se poida executar, e non pase como outras mocións, que queden aí sen levar a cabo.*

incluso auspiciado por muchos gobiernos, solo hay que ver el caso de Hungría o el caso de Rusia donde el colectivo LGTBI está totalmente perseguido. Por eso me parecen positivas este tipo de medidas que usted propone. No son muy concretas, supongo que habrá que concretarlas en un futuro y esperemos que esta moción, que seguramente hoy aprobaremos por unanimidad, pues se cumpla y se pueda ejecutar, y no pase como otras mociones, que queden ahí sin llevarse a cabo.

*Estou de acordo con todo o que vostede está a dicir de que é necesario traballar coa xente nova e é necesario tamén traballar coa xente maior que polas súas circunstancias de vida, pois non se puideron nunca expoñer publicamente a súa sexualidade. Estou totalmente de acordo co tema de concienciar á sociedade que hai un discurso de odio e que temos que ser conscientes que está aí.*

Estoy de acuerdo con todo lo que usted está diciendo de que es necesario trabajar con la gente joven y es necesario también trabajar con la gente mayor que por sus circunstancias de vida, pues no se han podido nunca exponer públicamente su sexualidad. Estoy totalmente de acuerdo con el tema de concienciar a la sociedad que hay un discurso de odio y que tenemos que ser conscientes que está ahí.

***Ás doce horas e dez minutos entra no Salón de Sesións o señor Díaz Gallego.***

**A las doce horas y diez minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Díaz Gallego.**

*Logo, respecto a o que vostede pide do Sergas, eu teño certa precaución, quizais pola idade, non? Como vivín a época da sida e vin o que significou esta desestimación ao colectivo gai, non?, que sinalaban aos gais como que eramos os transmisores da sida, pois iso dáme a sensación de que distinguir, non?, que enfermidades sexuais das persoas gais ou lesbianas ou de toda a sociedade non creo que, bo, sexa... pode dar lugar a certa sinalización que non me gustaría.*

Luego, respecto a lo que usted pide del Sergas, yo tengo cierta precaución, quizás por la edad, ¿no? Como viví la época del sida y vi lo que significó esta desestimación al colectivo gay, ¿no?, que señalaban a los gais como que éramos los transmisores del sida, pues eso me da la sensación de que distinguir ¿no?, que enfermedades sexuales de las personas gais o lesbianas o de toda la sociedad no creo que, bueno, sea... puede dar lugar a cierta señalización que no me gustaría.

*Pero sen dúbida vostede fala aquí dun discurso de odio que existe na sociedade. En Coruña fomos, por desgraza, testemuñas dunha persecución e boura dun mozo, Samuel, que morreu vítima deste discurso de odio e necesitamos traballar moito nisto. Pero tamén estes*

Pero sin duda usted habla aquí de un discurso de odio que existe en la sociedad. En Coruña fuimos, por desgracia, testigos de una persecución y apaleamiento de un joven, Samuel, que murió víctima de este discurso de odio y necesitamos trabajar mucho en esto. Pero también estos

*discursos de odio, e lembrando a Samuel, pero tamén se dan en condutas cotiás. Eu sempre digo, ás veces cando hai un gai por que lle poñen o "iño" cando lle poñen o nome, un pouco ás veces con retintín. Tamén sempre me preveño fronte aos que se disfrazan de modernos e andan dicindo por aí, éncheselles a boca: teño un amigo gai, mesmo engaden o adxectivo: é moi boa persoa, e por suposto tamén dos falsos progresistas. Eses case son os peores, eses que van de progresistas e tan pronto te dás a volta utilizan o termo maricón como insulto co ánimo de desacreditar á persoa e utilizalo, por suposto, de maneira ofensiva.*

*O outro día —quero darlle o parabén á alcaldesa e ao Goberno municipal— celebrouse un acto neste salón de plenos, un acto que nos emocionou, a min emocionoume moito escoitar aqueles testemuños daquelas persoas que sufriran un proceso vital e que contaban a súa historia e como chegaran ao matrimonio e ao amor, que era un triunfo do amor, pero que o pasaran moi duras. Eu reflexionei moito ese día coa moción contida da vida, non?, da vida de todos que tivemos e veume unha imaxe e anécdota que se teño tempo vou contar — se vostede dá o seu permiso e autorización, alcaldesa—, que era, cando eu era neno e estaba na miña aldea había unha señora destas galegas aguerridas que tivera un fillo para a vellez. Era unha nai solteira, tivera un fillo para a vellez, e dicíalle sempre á miña avoa, dirixíase a ela e dicíalle:* Ai, señora Fina! Se vostede soubera o que pasamos as nais solteiras, se eu lle contara. *Pois dito, se eu lles contase.*

*Grazas pola súa atención.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lorenzo.

discursos de odio, y recordando a Samuel, pero también se dan en conductas cotidianas. Yo siempre digo, a veces cuando hay un gay por qué le ponen el "ito" cuando le ponen el nombre, un poco a veces con retintín. También siempre me prevengo frente a los que se disfrazan de modernos y andan diciendo por ahí, se les llena la boca: tengo un amigo gay, incluso añaden el adjetivo: es muy buena persona, y por supuesto también de los falsos progresistas. Esos casi son los peores, esos que van de progresistas y tan pronto te das la vuelta utilizan el término maricón como insulto con el ánimo de desacreditar a la persona y utilizarlo, por supuesto, de manera ofensiva.

El otro día —quiero darle la enhorabuena a la alcaldesa y al Gobierno municipal— se celebró un acto en este salón de plenos, un acto que nos emocionó, a mí me emocionó mucho escuchar aquellos testimonios de aquellas personas que habían sufrido un proceso vital y que contaban su historia y cómo habían llegado al matrimonio y al amor, que era un triunfo del amor, pero que lo habían pasado muy duras. Yo reflexioné mucho ese día con la moción contenida de la vida, ¿no?, de la vida de todos que hemos tenido y me vino una imagen y anécdota que si tengo tiempo voy a contar —si usted da su permiso y autorización, alcaldesa—, que era, cuando yo era niño y estaba en mi aldea había una señora de estas gallegas aguerridas que había tenido un hijo para la vejez. Era una madre soltera, había tenido un hijo para la vejez, y le decía siempre a mi abuela, se dirigía a ella y le decía: *¡Ay, señora Fina! Si usted supiera lo que pasamos las madres solteras, si yo le contara.* Pues dicho, si yo les contara.

Gracias por su atención.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lorenzo.*

Turno para o Goberno, señora Canosa.

**Señora Canosa Domínguez**

Grazas, señora alcaldesa. Parabéns, feliz aniversario. Bo día a todos e a todas.

En primeiro lugar agradecer ó Grupo Municipal do BNG que traia esta moción que aborda cuestións que son fundamentais e que están aliñadas coas nosas accións de goberno. Agradecer tamén o tono do señor Lorenzo nestas reflexións.

Anuncio xa que votaremos a favor e procedo a dar algunhas respostas ós distintos puntos.

Comenzo polos espazos de diálogo e sensibilización nos centros de maiores e sociais sobre diversidade afectivo-sexual. Como saben, nos nosos centros cívicos se realizan actividades para a poboación maior, o eixo transversal e a diversidade, realízanse talleres, exposicións ou actividades culturais orientadas á inclusión e o respecto ás diferenzas, pero teño que ser crítica. Realmente é necesario máis traballo específico coa poboación maior, así que valoramos esa proposta do BNG con absoluto interés e compartimos esa necesidade de visibilización das diversidades, especialmente en xeracións que, como dicía o señor Soto, viviron contextos históricos marcados polo silencio e a discriminación.

Con respecto á petición de instar o Sergas a deseñar unha atención especializada para o colectivo LGTBI, coincidimos, ó igual que o fan as entidades do sector, e somos conscientes do preocupante aumento que teñen as prácticas de risco na poboación en xeral e tamén na poboación do colectivo, o que require

*Turno para el Gobierno, señora Canosa.*

***Señora Canosa Domínguez***

*Gracias, señora alcaldesa. Felicidades, feliz cumpleaños. Buenos días a todos y a todas.*

*En primer lugar agradecer al Grupo Municipal del BNG que traiga esta moción que aborda cuestiones que son fundamentales y que están alineadas con nuestras acciones de gobierno. Agradecer también el tono del señor Lorenzo en estas reflexiones.*

*Anuncio ya que votaremos a favor y procedo a dar algunas respuestas a los distintos puntos.*

*Comienzo por los espacios de diálogo y sensibilización en los centros de mayores y sociales sobre diversidad afectivo-sexual. Como saben, en nuestros centros cívicos se realizan actividades para la población mayor, el eje transversal y la diversidad, se realizan talleres, exposiciones o actividades culturales orientadas a la inclusión y el respeto a las diferencias, pero tengo que ser crítica. Realmente es necesario más trabajo específico con la población mayor, así que valoramos esa propuesta del BNG con absoluto interés y compartimos esa necesidad de visibilización de las diversidades, especialmente en generaciones que, como decía el señor Soto, vivieron contextos históricos marcados por el silencio y la discriminación.*

*Con respecto a la petición de instar al Sergas a diseñar una atención especializada para el colectivo LGTBI, coincidimos, al igual que lo hacen las entidades del sector, y somos conscientes del preocupante aumento que tienen las prácticas de riesgo en la población en general y también en la población del*

unha intervención específica e urxente por parte do Servizo Galego de Saúde e por tanto pola parte da Xunta de Galicia.

En canto ó protocolo para detectar situacións de violencia, LGTBI-fóbica, pois dicir que valoramos positivamente esa proposta. Nestes momentos estamos a traballar en cursos específicos para formar en diversidade o persoal municipal, pero un protocolo específico pode fortalecer, por suposto, e mellorar estas actuacións e así o consideraremos. E se falamos de LGTBI-fobia e violencia, sensibilización fronte a estas violencias nos centros de ensino, estamos impulsando xa iniciativas que son moi ambiciosas, como por exemplo aprender igualdade creando, o foro-debate “Pensar en igualdade e diversidade” ou obradoiros afectivos, de saúde afectivo-sexual.

Pero tamén me parece importante que saiban que estamos a traballar precisamente na procura de procesos administrativos que faciliten ás entidades do eido da diversidade o acceso á prestación destes servicios a través do Coruña Educa, por exemplo.

Como ven, concordamos en case todo, pero se falamos de recursos específicos para persoas LGTBI en situación de senfogarismo é preciso facer unha aclaración técnica que ademais o señor Soto coñece moi ben xa que compartimos debates previos nesta cámara. O modelo co que se traballa na Concellería é un modelo de atención centrada na persona, un modelo sustentado no marco normativo vixente e na evidencia científica, un modelo que pon no centro a persoa, o dereito á súa autonomía, á súa dignidade e á inclusión, un modelo que adapta a intervención ás preferencias, ás necesidades e ó contexto das persoas. Iso é no que creo, no que cremos e o que

*colectivo, lo que requiere una intervención específica y urgente por parte del Servicio Gallego de Salud y por tanto por la parte de la Xunta de Galicia.*

*En cuanto al protocolo para detectar situaciones de violencia, LGTBI-fóbica, pues decir que valoramos positivamente esa propuesta. En estos momentos estamos trabajando en cursos específicos para formar en diversidad al personal municipal, pero un protocolo específico puede fortalecer, por supuesto, y mejorar estas actuaciones y así lo consideraremos. Y si hablamos de LGTBI-fobia y violencia, sensibilización frente a estas violencias en los centros de enseñanza, estamos impulsando ya iniciativas que son muy ambiciosas, como por ejemplo aprender igualdad creando, el foro-debate “Pensar en igualdad y diversidad” o talleres afectivos, de salud afectivo-sexual.*

*Pero también me parece importante que sepan que estamos trabajando precisamente en la búsqueda de procesos administrativos que faciliten a las entidades del campo de la diversidad el acceso a la prestación de estos servicios a través del Coruña Educa, por ejemplo.*

*Como ven, concordamos en casi todo, pero si hablamos de recursos específicos para personas LGTBI en situación de sinhogarismo es preciso hacer una aclaración técnica que además el señor Soto conoce muy bien ya que compartimos debates previos en esta cámara. El modelo con el que se trabaja en la Concejalía es un modelo de atención centrada en la persona, un modelo sustentado en el marco normativo vigente y en la evidencia científica, un modelo que pone en el centro a la persona, el derecho a su autonomía, a su dignidad y a la inclusión, un modelo que adapta la intervención a las preferencias, a las necesidades y al contexto de las personas. Eso es en lo que creo, en lo que*

facemos. Servizos como o EMIS e os seus equipamentos, como por exemplo o centro de atención social e afectivo-sexual **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** abordan esta forma de abordaxe garantindo unha atención individualizada e integral, tamén para as persoas LGTBI, sen caer nun enfoque reducionista ou segregador que de ningún xeito compartimos.

*creemos y lo que hacemos. Servicios como el EMIS y sus equipamientos, como por ejemplo el centro de atención social y afectivo-sexual* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *abordan esta forma de abordaje garantizando una atención individualizada e integral, también para las personas LGTBI, sin caer en un enfoque reduccionista o segregador que de ninguna forma compartimos.*

Antes de rematar quero destacar o Espazo Diverso como un recurso pioneiro e referente en Galicia, pero que estamos a mellorar grazas a un traballo conxunto coas entidades e tamén grazas ó incremento no orzamento municipal **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** na Área e de Igualdade.

*Antes de finalizar quiero destacar el Espacio Diverso como un recurso pionero y referente en Galicia, pero que estamos mejorando gracias a un trabajo conjunto con las entidades y también gracias al incremento en el presupuesto municipal* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *en el Área y de Igualdad.*

E remato. Como ven, a nosa forma de traballar e construír é desde abaixo, falando coas entidades e coa cidadanía. Cando o señor Soto di que hai unha ampla marxe de mellora das políticas municipais nesta materia, considero que temos que poñer en valor todo o traballo xa realizado. Todo é mellorable, pero contamos cun espacio específico de atención á diversidade que, xunto con Pontevedra, son únicos en Galicia.

*Y finalizo. Como ven, nuestra forma de trabajar y construir es desde abajo, hablando con las entidades y con la ciudadanía. Cuando el señor Soto dice que hay un amplio margen de mejora de las políticas municipales en esta materia, considero que tenemos que poner en valor todo el trabajo ya realizado. Todo es mejorable, pero contamos con un espacio específico de atención a la diversidad que, junto con Pontevedra, son únicos en Galicia.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Ten que rematar, señora Canosa.

*Tiene que finalizar, señora Canosa.*

**Señora Canosa Domínguez**

***Señora Canosa Domínguez***

Remato. Temos liñas de subvención, un orzamento específico de case un cuarto de millón de euros.

*Finalizo. Tenemos líneas de subvención, un presupuesto específico de casi un cuarto de millón de euros.*

Encantada de debater estas cuestións con vostedes, pero hai que valorar todo o traballo que se fai desde este goberno e sobre todo desde a Área de Igualdade en

*Encantada de debatir estas cuestiones con ustedes, pero hay que valorar todo el trabajo que se hace desde este gobierno y sobre todo desde el Área de Igualdad en*

materia de diversidade.

Nada máis, moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas.

**Votación da segunda moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o colectivo LGTBI+, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobada por unanimidade.

**95. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre o colectivo LGTBI+**

**Acordo**

- Redactar un protocolo que permita ás traballadoras e traballadores do Concello detectar situacións de violencia LGTBI-fóbica, así como a actuar con eficacia ante tales situacións.

- Promover a sensibilización social fronte as violencias LGTBI-fóbicas nos centros de ensino da Coruña, favorecendo a impartición de charlas por parte de

*materia de diversidad.*

*Nada más, muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

***Votación de la segunda moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el colectivo LGTBI+, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

*Gracias. Queda aprobada por unanimidad.*

***95. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el colectivo LGTBI+***

***Acuerdo***

*- Redactar un protocolo que permita a las trabajadoras y trabajadores del Ayuntamiento detectar situaciones de violencia LGTBI-fóbica, así como a actuar con eficacia ante tales situaciones.*

*- Promover la sensibilización social frente a las violencias LGTBI-fóbicas en los centros de enseñanza de A Coruña, favoreciendo la impartición de charlas por*

entidades especializadas.

*parte de entidades especializadas.*

- Reforzar e publicitar o servizo de atención psicolóxica do Espazo Diverso.

*- Reforzar y publicitar el servicio de atención psicológica del Espacio Diverso.*

- Ofrecer recursos específicos ás persoas LGTBI sen fogar.

*- Ofrecer recursos específicos a las personas LGTBI sin hogar.*

- Xerar espazos de diálogo nos centros de maiores e nos centros sociais para que as persoas da terceira idade podan coñecer outras realidades afectivo-sexuais e que se visibilicen nos barrios estas iniciativas.

*- Generar espacios de diálogo en los centros de mayores y en los centros sociales para que las personas de la tercera edad podan conocer otras realidades afectivo-sexuales y que se visibilicen en los barrios estas iniciativas.*

- Instar ao SERGAS a deseñar, en colaboración coas entidades defensoras dos dereitos das persoas LGTBI, unha atención adecuada ás problemáticas que se están detectando no colectivo.

*- Instar al SERGAS a diseñar, en colaboración con las entidades defensoras de los derechos de las personas LGTBI, una atención adecuada a las problemáticas que se están detectando en el colectivo.*

**Terceira. Moción sobre o campo de golf municipal da Torre.**

***Tercera. Moción sobre el campo de golf municipal de la Torre.***

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda polo Grupo municipal do Partido Popular.**

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda por el Grupo municipal del Partido Popular.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Terceira e última moción do BNG sobre o campo de golf municipal da Torre. Hai unha emenda do Grupo Popular.

*Tercera y última moción del BNG sobre el campo de golf municipal de la Torre. Hay una enmienda del Grupo Popular.*

Poden saír os que o desexen e ten a palabra o señor Soto.

*Pueden salir los que lo deseen y tiene la palabra el señor Soto.*

**Ás doce horas e dezaoito minutos saen do Salón de Sesións a señora Neira Fernández e os señores Lage Tuñas, Deus Álvarez e Rodríguez Martínez.**

***A las doce horas y dieciocho minutos salen del Salón de Sesiones la señora Neira Fernández y los señores Lage Tuñas, Deus Álvarez y Rodríguez Martínez.***

**Señor Soto Díaz**

***Señor Soto Díaz***

Ben, grazas señora alcaldesa.

*Bien, gracias señora alcaldesa.*

O campo de golf municipal da Torre é

*El campo de golf municipal de la Torre es*

unha *rara avis* entre as instalacións municipais no noso Estado, mais é tamén motivo de orgullo desta cidade, que pon a disposición do público xeral unhas instalacións que permiten democratizar a práctica deste deporte normalmente vedado a persoas de alta capacidade económica. Reflexo disto é o alto número de deportistas federadas e federados, preto de 900, que adestran nas súas instalacións, unhas instalacións que chegaron a ser un referente na modalidade de xogo curto.

*una rara avis entre las instalaciones municipales en nuestro Estado, pero es también motivo de orgullo de esta ciudad, que pone a disposición del público general unas instalaciones que permiten democratizar la práctica de este deporte normalmente vedado a personas de alta capacidad económica. Reflejo de esto es el alto número de deportistas federadas y federados, cerca de 900, que entrenan en sus instalaciones, unas instalaciones que llegaron a ser un referente en la modalidad de juego corto.*

A pesar disto, a situación actual do campo de golf municipal da Torre é moi preocupante. Á caducidade do contrato de concesión dende hai xa oito anos únese a gravísima falta de mantemento das instalacións e a conxelación das condicións laborais das e dos traballadores que resulta particularmente lesiva nunha situación de inflación sostida como a actual.

*A pesar de esto, la situación actual del campo de golf municipal de la Torre es muy preocupante. A la caducidad del contrato de concesión desde hace ya ocho años se une la gravísima falta de mantenimiento de las instalaciones y la congelación de las condiciones laborales de las y de los trabajadores que resulta particularmente lesiva en una situación de inflación sostenida como la actual.*

No atinxinte á caducidade do contrato que se produciu en 2017, isto é, dez anos despois da súa concesión, o certo é que se teñen vido filtrando desde 2020 informacións á prensa sobre unha posible renovación inminente, mais a xullo de 2025, é dicir, oito anos despois da súa caducidade, sen prórroga, a concesión..., da concesión, a tal nova licitación aínda non se produciu a pesar do ofrecemento da propia Federación Galega de Golf de cooperar na exploración de vías para a continuidade na prestación do servizo.

*En lo referido a la caducidad del contrato que se produjo en 2017, esto es, diez años después de su concesión, lo cierto es que se han venido filtrando desde 2020 informaciones a la prensa sobre una posible renovación inminente, pero a julio de 2025, es decir, ocho años después de su caducidad, sin prórroga, la concesión..., de la concesión, la tal nueva licitación aun no se produjo a pesar de la oferta de la propia Federación Gallega de Golf de cooperar en la exploración de vías para la continuidad en la prestación del servicio.*

Nós non podemos entender que esta situación se dea no Concello, moito menos que a situación sexa tan xeralizada a outros servizos municipais, como denunciara o meu compañeiro, o señor Jorquera.

*Nosotros no podemos entender que esta situación se dé en el Ayuntamiento, mucho menos que la situación sea tan generalizada a otros servicios municipales, como había denunciado mi compañero, el señor Jorquera.*

Señores do Goberno, un servizo caducado son noites sen durmir dos traballadores, inseguridade xurídica das

*Señores del Gobierno, un servicio caducado son noches sin dormir de los trabajadores, inseguridad jurídica de las*

empresas e unha prestación deficiente para os usuarios. As e os coruñeses merecemos esta desidia? Eu penso que non.

*empresas y una prestación deficiente para los usuarios ¿Las y los coruñeses merecemos esta desidia? Yo creo que no.*

En canto ás instalacións, as e os usuarios quéixanse do estado do céspede, que se atopa en mal estado pola falta de mantemento adecuado, pero tamén hai queixas de que incluso determinadas zonas do campo teñen vetado o paso polo risco de desprendemento que se pode producir nalgunhas instalacións, como na cancha de prácticas.

*En cuanto a las instalaciones, las y los usuarios se quejan del estado del césped, que se encuentra en mal estado por la falta de mantenimiento adecuado, pero también hay quejas de que incluso determinadas zonas del campo han vetado el paso por el riesgo de desprendimiento que se puede producir en algunas instalaciones, como en la cancha de prácticas.*

Polo que fai ás persoas traballadoras, o seu salario segue conxelado dende hai anos e xa está a piques de ser absorbido polo salario mínimo interprofesional a pesar de que dende a data do anterior contrato de concesión do 2007 o IPC aumentou un 42 %, o que provocou unha considerable perda de poder adquisitivo das e dos traballadores do campo de golf.

*Por lo que hace a las personas trabajadoras, su salario sigue congelado desde hace años y ya está a punto de ser absorbido por el salario mínimo interprofesional a pesar de que desde la fecha del anterior contrato de concesión de 2007 el IPC aumentó un 42 %, lo que provocó una considerable pérdida de poder adquisitivo de las y de los trabajadores del campo de golf.*

Por todo iso, pedimos o voto favorable a esta moción. Sabemos que hai unha emenda de substitución do Partido Popular, nós intentamos que esa emenda fose, non de substitución, senón de engádego, o Grupo municipal do Partido Popular rexeitou esta posibilidade. Consideramos que se é de substitución desnaturaliza a intención desta moción que é centrarse sobre as necesidades que se producen no campo de golf. Polo tanto, non imos votar a favor desa emenda.

*Por todo ello, pedimos el voto favorable a esta moción. Sabemos que hay una enmienda de sustitución del Partido Popular, nosotros intentamos que esa enmienda fuera, no de sustitución, sino de adición, el Grupo municipal del Partido Popular rechazó esta posibilidad. Consideramos que si es de sustitución desnaturaliza la intención de esta moción que es centrarse sobre las necesidades que se producen en el campo de golf. Por lo tanto, no vamos a votar a favor de esa enmienda.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas, señor Soto. Turno para o Partido Popular, señor García.

*Gracias, señor Soto. Turno para el Partido Popular, señor García.*

***Señor García Fernández***

**Señor García Fernández**

*Grazas, señora alcaldesa.*

Gracias, señora alcaldesa.

*En primeiro lugar, estou co señor Soto de que se están falando do campo de golf, imos tentar explicarlles por que é a nosa postura da substitución, con todos os respectos do mundo, non? Entendemos o deporte como unha maneira conxunta, entendemos o deporte dunha maneira global e onde despois de seis anos de Goberno de Inés Rey, esta UTE entre o BNG e PSOE, pois non funciona nin tampouco vai para adiante. Ver que os seis anos ningunha instalación que eles comprometeron está ao día, ademais porque os usuarios pedíronnolo. Xa lle adianto que hoxe hai rexistrado máis de 400 firmas os usuarios de San Diego e solicitábannos tamén que presentásemos esta moción para o complexo deportivo de San Diego, e porque ademais dubido, dubido, segundo a historia destes seis anos, que o Goberno de Inés Rey apróbelles esta xestión que vostedes expoñen directa e indirecta á mesma vez.*

En primer lugar, estoy con el señor Soto de que se están hablando del campo de golf, vamos a intentar explicarles por qué es nuestra postura de la sustitución, con todos los respetos del mundo ¿no? Entendemos el deporte como una manera conjunta, entendemos el deporte de una manera global y en donde después de seis años de Gobierno de Inés Rey, esta UTE entre el BNG y PSOE, pues no funciona ni tampoco va para adelante. Ver que los seis años ninguna instalación que ellos han comprometido está al día, además porque los usuarios nos lo han pedido. Ya le adelanto que hoy hay registrado más de 400 firmas los usuarios de San Diego y nos solicitaban también que presentáramos esta moción para el complejo deportivo de San Diego, y porque además dudo, dudo, según la historia de estos seis años, que el Gobierno de Inés Rey les apruebe esta gestión que ustedes plantean directa e indirecta a la misma vez.

*Hai un ano a señora alcaldesa aquí presentabamos unha moción e para solucionar un problema estrutural do noso ecosistema deportivo, cunha área onde pasaron catro concelleiros e debuxando orzamentariamente obras sen executala, por exemplo, a Fábrica de Armas e o complexo deportivo de Xuxán. Despois de seis anos os problemas seguen sendo os mesmos, as nosas instalacións deportivas máis significativas da cidade caéndose a anacos e aquí non pasa nada, con precariedade laboral profesional de instalacións, non soamente no campo de golf, senón tamén no complexo deportivo do Castrillón.*

Hace un año la señora alcaldesa aquí presentábamos una moción y para solucionar un problema estructural de nuestro ecosistema deportivo, con un área donde han pasado cuatro concejales y dibujando presupuestariamente obras sin ejecutarla, por ejemplo, la Fábrica de Armas y el complejo deportivo de Xuxán. Después de seis años los problemas siguen siendo los mismos, nuestras instalaciones deportivas más significativas de la ciudad cayéndose a trozos y aquí no pasa nada, con precariedad laboral profesional de instalaciones, no solamente en el campo de golf, sino también en el complejo deportivo del Castrillón.

*Miren* **(o señor García Fernández mostra un documento)**, *ano 2019, A Coruña que queres. Esta era a proposta deportiva diante do tecido deportivo de Inés Rey: estadio de atletismo, campos de fútbol, de rugby, de fútbol gaélico na Fábrica de Armas ou campos de fútbol en*

A todo isto hai que sumar a situación no Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña. Segundo unha comprobación que fixemos no mes de outubro había pagos pendentes por perto de 70.000 €, mais o grave neste caso é que ademais algunhas das facturas levaban anos sen pagarse. Por se non abondase, o Consorcio optou a unha subvención de 150.000 € da Deputación Provincial e foille inicialmente denegada, entre outras razóns porque o Consorcio tiña débedas coa Axencia Tributaria. Isto foi o que no seu momento o BNG denunciou e todo o mundo pode corroboralo porque esta resolución inicial foi publicada no BOP. Como dixen antes, aledámonos de que a nosa denuncia contribuíse a resolver a situación.

*A todo esto hay que sumar la situación en el Consorcio de Turismo y Congresos de A Coruña. Según una comprobación que hicimos en el mes de octubre había pagos pendientes por cerca de 70.000 €, pero lo grave en este caso es que además algunas de las facturas llevaban años sin pagarse. Por si no fuera suficiente, el Consorcio optó a una subvención de 150.000 € de la Diputación Provincial y le fue inicialmente denegada, entre otras razones porque el Consorcio tenía deudas con la Agencia Tributaria. Esto fue lo que en su momento el BNG denunció y todo el mundo puede corroborarlo porque esta resolución inicial fue publicada en el BOP. Como dije antes, nos alegramos de que nuestra denuncia contribuyera a resolver la situación.*

Pero hai máis. Nunha entrevista de prensa o señor Juan Antonio Cuéllar, novo xerente do Consorcio para a Promoción da Música, dicía o seguinte: teño unha inmensa preocupación pola perspectiva económica; sabía que a situación non era doada, pero me atopei con unha realidade bastante apremiante; hai dous frentes de urxencia, sanear as débedas do Consorcio, que ascenden a máis dun millón de euros; temos que atopar mecanismos para estar ó día con todos os provedores. E dixo tamén, entre outras cousas: o que queremos é evitar fugas de diñeiro; páganse cousas que non son necesarias.

*Pero hay más. En una entrevista de prensa el señor Juan Antonio Cuéllar, nuevo gerente del Consorcio para la Promoción de la Música, decía lo siguiente: tengo una inmensa preocupación por la perspectiva económica; sabía que la situación no era fácil, pero me encontré con una realidad bastante apremiante; hay dos frentes de urgencia, sanear las deudas del Consorcio, que ascienden a más de un millón de euros; tenemos que encontrar mecanismos para estar al día con todos los proveedores. Y dijo también, entre otras cosas: lo que queremos es evitar fugas de dinero; se pagan cosas que no son necesarias.*

Parece que non estar ó corrente das obrigas e adebedar ós provedores estase convertendo nunha constante non só no IMCE, senón en todos os consorcios, pero ademais, señor Concelleiro, nas últimas semanas tamén coñecemos que a Xustiza condenou o Concello 140.000 € máis os xuros de demora porque vostede

*Parece que no estar al corriente de las obligaciones y adeudar a los proveedores se está convirtiendo en una constante no solo en el IMCE, sino en todos los consorcios, pero además, señor Concejal, en las últimas semanas también conocimos que la Justicia condenó al Ayuntamiento 140.000 € más los intereses de demora*

ordenou de forma irregular unha prórroga do contrato do servizo de conserxería das instalacións deportivas municipais. Volvo citar: o 19 de xullo de 2023, o daquela concelleiro da Área de Fomento e Promoción da Cidade, Gonzalo Castro, ordenou que se continuara prestando polo tempo indispensábel para a continuidade do servizo. O Tribunal Superior non comparte que fose conforme a dereito a resolución que ordenou a continuidade do servizo, expresión que debe entenderse como que era unha prórroga en modo algún permitida. O Concello non acordou de xeito expreso a prórroga e non era posíbel entendela de xeito tácito. En definitiva, vostede de novo saltouse os procedementos causándolle un prexuízo económico ó Concello.

Señor concelleiro, é sobre estas cousas sobre as que ten que render cousas..., contas, perdón. Considera que todo isto é un exemplo de xestión?

Explícolle o rigor da súa xestión. Segundo as nosas informacións, a celebración do *Wake up & Dream*, que comezou o pasado venres, foi a súa celebración autorizada o día anterior, o xoves, é dicir, o mesmo día que a empresa solicitou a autorización. Así se explica que solicitásemos hai máis dun mes o acceso ó expediente e aínda non nos fose concedido. Celebrouse o festival sen un informe ambiental favorábel? Cre vostede que se pode funcionar así?

Cre vostede un bo modelo de xestión que o Teatro Colón leve máis dun ano sen director? Porque como dixen ó comezo, o rigor na xestión **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** sobre todo —e xa vou concluíndo—, o rigor na xestión dos recursos públicos, do diñeiro de todos, é o mínimo exixíbel a calquer cargo público e o seu xeito de facer as cousas

*porque usted ordenó de forma irregular una prórroga del contrato del servicio de conserjería de las instalaciones deportivas municipales. Vuelvo a citar: el 19 de julio de 2023, el entonces concejal del Área de Fomento y Promoción de la Ciudad, Gonzalo Castro, ordenó que se continuara prestando por el tiempo indispensable para la continuidad del servicio. El Tribunal Superior no comparte que fuera conforme a derecho la resolución que ordenó la continuidad del servicio, expresión que debe entenderse como que era una prórroga en modo alguno permitida. El Ayuntamiento no acordó de manera expresa la prórroga y no era posible entenderla de manera tácita. En definitiva, usted de nuevo se saltó los procedimientos causándole un perjuicio económico al Ayuntamiento.*

*Señor concejal, es sobre estas cosas sobre las que tiene que rendir cosas..., cuentas, perdón ¿Considera que todo esto es un ejemplo de gestión?*

*Le explico el rigor de su gestión. Según nuestras informaciones, la celebración del Wake up & Dream, que comenzó el pasado viernes, fue su celebración autorizada el día anterior, el jueves, es decir, el mismo día que la empresa solicitó la autorización. Así se explica que solicitáramos hace más de un mes el acceso al expediente y aun no nos fuera concedido ¿Se celebró el festival sin un informe ambiental favorable? ¿Cree usted que se puede funcionar así?*

*¿Cree usted un bueno modelo de gestión que el Teatro Colón lleve más de un año sin director? Porque como dije al comienzo, el rigor en la gestión* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *sobre todo —y ya voy concluyendo—, el rigor en la gestión de los recursos públicos, del dinero de todos, es lo mínimo exigible a cualquier cargo público y su manera de hacer las*

está causando graves problemas.

Mire, co seu xeito de xestionar, as indemnizacións que hai que pagar non baixan das 6 cifras: 140.000 € máis xuros de demora porque vostede ordenou de forma irregular unha prórroga do contrato do servizo de conserxería das instalacións deportivas municipais; outros 140.000 á empresa que prestou os servizos para o *Womex 2023*, e o seu xeito de xestionar fai que as débedas non baixen dun millón. Máis de un millón no IMCE **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**, máis dun millón no Consorcio de Promoción da Música.

É sobre estas cousas, señor concelleiro, sobre o que ten que dar explicacións. Moitas grazas.

**Presidencia**

Grazas, señor Jorquera.

Turno para o Partido Popular. Señor Rodríguez.

**Señor Rodríguez Martínez**

Bo día de novo. Señor Castro, outra vez por aquí.

Xa lamento meterme no medio desta rifa de namorados, pero en primeiro lugar quero manifestar a nosa sorpresa por a solicitude desta comparecencia e polo seu carácter urxente. Sorpresa non polas formas de xestionar do señor Castro, que xa non sorprenden a ninguén, pero si sorpresa porque o detonante para que o BNG teña solicitado a comparecencia sexa principalmente a posible denegación ao Consorcio de Tursimo dunha subvención de 150.000 € procedente da Deputación da Coruña. E si, sorpresa porque, por exemplo, cando o Goberno decideu perdoar unilateralmente 7,3

*cosas está causando graves problemas.*

*Mire, con su manera de gestionar, las indemnizaciones que hay que pagar no bajan de las 6 cifras: 140.000 € más intereses de demora porque usted ordenó de forma irregular una prórroga del contrato del servicio de conserjería de las instalaciones deportivas municipales; otros 140.000 a la empresa que prestó los servicios para el Womex 2023, y su manera de gestionar hace que las deudas no bajen de un millón. Más de un millón en el IMCE* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)****, más de un millón en el Consorcio de Promoción de la Música.*

*Es sobre estas cosas, señor concejal, sobre lo que tiene que dar explicaciones. Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Gracias, señor Jorquera.*

*Turno para el Partido Popular. Señor Rodríguez.*

***Señor Rodríguez Martínez***

*Buenos días de nuevo. Señor Castro, otra vez por aquí.*

*Ya lamento meterme en medio de esta bronca de enamorados, pero en primer lugar quiero manifestar nuestra sorpresa por la solicitud de esta comparecencia y por su carácter urgente. Sorpresa no por las formas de gestionar del señor Castro, que ya no sorprenden a nadie, pero sí sorpresa porque el detonante para que el BNG haya solicitado la comparecencia sea principalmente la posible denegación al Consorcio de Tursimo de una subvención de 150.000 € procedente de la Diputación de A Coruña. Y sí, sorpresa porque, por ejemplo, cuando el Gobierno decidió perdonar unilateralmente 7,3 millones de*

millóns de euros á concesionaria de Nostián, cartos de todos os coruñeses e dos cales a señora Rey e o señor Lage dispuxeron como se foran seus, sen esperar nun asunto complexo xuridicamente a que un xuíz decidira, aí non dixeron nada, tragaron. Nin tampouco dixeron nada cando houbo que branquear os 4,2 millóns en facturas irregulares pendentes para pagar as festas da señora Rey en ano electoral. O señor Castro gastou daquela 4,2 millóns por riba do orzamento do IMCE sen ter partida orzamentaria, de xeito discrecional e sen respectar procedementos legales de contratación. Tragaron. Nin cando branquearon 2 millóns de facturas irregulares de 2023 no M4 do pasado ano dos que medio millón de euros pertencía á Área de Deportes do señor Castro. Tragaron. Nin cando non hai nin un mes, nin un mes, o Consello Reitor do IMCE aprobou o pago de 1,1 millón de euros en facturas irregulares das festas, neste caso, do ano 2024. Aí fixeron o paripé de votar en contra, porque no Consello Reitor o seu voto en contra non vale de nada, é postureo. Tería valor aquí, neste pleno, o seu voto en contra, pero vostedes tragaron tamén coas Bases de Execución que retiraron do Pleno a súa fiscalización e control e que o PP ofreceu emendar, e aí volveron a tragar a cambio do simulacro de transparencia de dar conta na Comisión de Facenda da información á que xa temos dereito, pero o debate e a votación neste pleno perdeuse.

Por non falar da súa pasividade e compracencia cando se demostrou que o señor Lage reformou sen licencia dous pisos da súa propiedade, ou cando non votaron a favor de retirarlle as súas competencias en materia de contratación, que é do que hoxe veñen aquí a queixarse, pese a todo o que está a pasar en este concello e acreditan ano tras ano os informes da Intervención municipal.

*euros a la concesionaria de Nostián, dinero de todos los coruñeses y de los cuales la señora Rey y el señor Lage dispusieron como fueran suyos, sin esperar en un asunto complejo jurídicamente a que un juez decidiera, ahí no dijeron nada, tragaron. Ni tampoco dijeron nada cuando hubo que blanquear los 4,2 millones en facturas irregulares pendientes para pagar las fiestas de la señora Rey en año electoral. El señor Castro gastó en aquel momento 4,2 millones por encima del presupuesto del IMCE sin tener partida presupuestaria, de manera discrecional y sin respetar procedimientos legales de contratación. Tragaron. Ni cuando blanquearon 2 millones de facturas irregulares de 2023 en el M4 del pasado año de los que medio millón de euros pertenecía al Área de Deportes del señor Castro. Tragaron. Ni cuando no hace ni un mes, ni un mes, el Consejo Rector del IMCE aprobó el pago de 1,1 millón de euros en facturas irregulares de las fiestas, en este caso, del año 2024. Ahí hicieron el paripé de votar en contra, porque en el Consejo Rector su voto en contra no vale de nada, es postureo. Tendría valor aquí, en este pleno, su voto en contra, pero ustedes tragaron también con las Bases de Ejecución que retiraron del Pleno su fiscalización y control y que el PP ofreció enmendar, y ahí volvieron a tragar a cambio del simulacro de transparencia de dar cuenta en la Comisión de Hacienda de la información a la que ya tenemos derecho, pero el debate y la votación en este pleno se perdió.*

*Por no hablar de su pasividad y complacencia cuando se demostró que el señor Lage reformó sin licencia dos pisos de su propiedad, o cuando no votaron a favor de retirarle sus competencias en materia de contratación, que es de lo que hoy vienen aquí a quejarse, pese a todo lo que está pasando en este ayuntamiento y acreditan año tras año los informes de la Intervención municipal.*

E que conste que concordamos que hai motivos para esta comparecencia. Comezamos este pleno debatendo o recoñecemento extraxudicial de obrigas para pagar o *Womex*, o *Womex*, o cumio desa xestión chafalleira que define o estilo Castro, porque neste caso o señor Castro non se limitou a unha contratación omitindo por completo os requisitos mínimos esenciais do procedemento legalmente establecido, total inexistencia de procedemento de licitación, ausencia de fiscalización previa e de crédito orzamentario, de acto formal de adxudicación e carácter verbal na encomenda con posterioridade á celebración do evento, sentenciou o informe do Consello Consultivo, é que ademais, estamos ante un fraccionamento de manual, tal e como sinalou o interventor no seu informe porque se fraccionou a contratación e as facturas repartíronse en tres organismos municipais: 200.000 € no Consorcio de Turismo; 512.000 € no IMCE; e 140.000 € no Concello. Resumindo, 900.000 € nun único evento, diversidade de facturas a distintas entidades municipais, dous contratos de exclusividade sen determinar o seu alcance e, por suposto, sen procedemento nin consignación orzamentaria. O estilo Castro co aval da señora Rey na súa máxima expresión.

*Y que conste que concordamos que hay motivos para esta comparecencia. Comenzamos este pleno debatiendo el reconocimiento extrajudicial de obligaciones para pagar el Womex, el Womex, la cumbre de esa gestión chapucera que define el estilo Castro, porque en este caso el señor Castro no se limitó a una contratación omitiendo por completo los requisitos mínimos esenciales del procedimiento legalmente establecido, total inexistencia de procedimiento de licitación, ausencia de fiscalización previa y de crédito presupuestario, de acto formal de adjudicación y carácter verbal en la encomienda con posterioridad a la celebración del evento, sentenció el informe del Consello Consultivo, es que además, estamos ante un fraccionamiento de manual, tal y como señaló el interventor en su informe porque se fraccionó la contratación y las facturas se repartieron en tres organismos municipales: 200.000 € en el Consorcio de Turismo; 512.000 € en el IMCE; y 140.000 € en el Ayuntamiento. Resumiendo, 900.000 € en un único evento, diversidad de facturas a distintas entidades municipales, dos contratos de exclusividad sin determinar su alcance y, por supuesto, sin procedimiento ni consignación presupuestaria. El estilo Castro con el aval de la señora Rey en su máxima expresión.*

Miren, nós non podemos, nin podemos nin debemos, participar deste xeito de facer as cousas. Que os provedores teñen que cobrar? Por suposto, señor Jorquera, claro que deben de cobrar, pero poden e deben facelo consonte a un expediente tramitado conforme á lei e non a través da permanente chapuza na que teñen convertido, co seu apoio, a contratación neste Concello en xeral e na área do señor Castro en particular, na ilegalidade estrutural na que vive este Goberno en materia de contratación nas palabras literais do interventor. Poden e deben

*Miren, nosotros no podemos, ni podemos ni debemos, participar de este modo de hacer las cosas ¿Que los proveedores tienen que cobrar? Por supuesto, señor Jorquera, claro que deben de cobrar, pero pueden y deben hacerlo conforme a un expediente tramitado conforme a la ley y no a través de la permanente chapuza en la que han convertido, con su apoyo, la contratación en este Ayuntamiento en general y en el área del señor Castro en particular, en la ilegalidad estructural en la que vive este Gobierno en materia de contratación en las palabras literales del*

cobrar sen comprometer a seguridade xurídica dos funcionarios ou dos concelleiros que voten a favor de branquear estas trapalladas.

*interventor. Pueden y deben cobrar sin comprometer la seguridad jurídica de los funcionarios o de los concejales que voten a favor de blanquear estas chapuzas.*

E aínda por riba hai que escoitar á señora Rey, a maior produtora de bulos desta cidade.... Si, claro, si que o é, ou non? O mercado de Monte Alto non tiña retraso, non se ían subir os impostos, o convenio das Xubias, Pardo de Vera, ou agora a ampliación da ORA. Sería bo que lle deran a ler á señora Rey as ordenanzas que traen a este pleno. Pois temos que aturar á señora Rey dicir que é legal que o Concello pague os gastos do *Womex* a través dunha indemnización. Home! Xa está ben de tomarlle o pelo ós coruñeses. Claro, claro que é legal pagar unha indemnización por ter cometido previamente unha ilegalidade, porque contratar ó estilo Castro é ilegal.

*Y por si fuera poco hay que escuchar a la señora Rey, la mayor productora de bulos de esta ciudad.... Sí, claro, sí que lo es, ¿o no? El mercado de Monte Alto no tenía retraso, no se iban a subir los impuestos, el convenio de las Xubias, Pardo de Vera, o ahora la ampliación de la ORA. Sería bueno que le dieran a leer a la señora Rey las ordenanzas que traen a este pleno. Pues tenemos que aguantar a la señora Rey decir que es legal que el Ayuntamiento pague los gastos del Womex a través de una indemnización. ¡Hombre! Ya está bien de tomarle el pelo a los coruñeses. Claro, claro que es legal pagar una indemnización por haber cometido previamente una ilegalidad, porque contratar al estilo Castro es ilegal.*

E nos vén aquí a dicir que todo está normalizado. Iso é o que está normalizado: a ilegalidade estrutural na súa xestión, señor Castro. E no informe dos reparos de legalidade formulados pola Intervención o pasado ano, dos 20 millóns pagados en facturas irregulares, nada menos que 2,3 son do IMCE, 7 millóns nos últimos dous anos, as bibliotecas, o Aquarium Finisterrae, os museos científicos, todo manga por hombro. E no informe resumo de actuacións de deficiencias detectadas, a Intervención alerta tamén da utilización na Área de Turismo do contrato privado de patrocinio manifestando moitas dúbidas sobre que a súa utilización poida encubrir subvencións directas e sen xustificación dos fondos.

*Y nos viene aquí a decir que todo está normalizado. Eso es lo que está normalizado: la ilegalidad estructural en su gestión, señor Castro. Y en el informe de los reparos de legalidad formulados por la Intervención el pasado año, de los 20 millones pagados en facturas irregulares, nada menos que 2,3 son del IMCE, 7 millones en los últimos dos años, las bibliotecas, el Aquarium Finisterrae, los museos científicos, todo manga por hombro. Y en el informe resumen de actuaciones de deficiencias detectadas, la Intervención alerta también de la utilización en el Área de Turismo del contrato privado de patrocinio manifestando muchas dudas sobre que su utilización pueda encubrir subvenciones directas y sin justificación de los fondos.*

Miren, eu pertenzo a unha xeración que na súa adolescencia viviu unha das épocas douradas da publicidade neste país. Lémbrome perfectamente daquel anuncio que inaugurou en España a

*Miren, yo pertenezco a una generación que en su adolescencia vivió una de las épocas doradas de la publicidad en este país. Me acuerdo perfectamente de aquel anuncio que inauguró en España la publicidad*

publicidade comparativa e no cal un director xeral dunha coñecida marca de deterxente citaba á cámara e dicíalle ó espectador: *busque, compare e se atopa algo mellor, mérqueo.* Corenta anos despois, e logo de moitísimas coladas, podo afirmar que na miña vida atopei deterxente que lave máis branco que o Bloque Nacionalista Galego da Coruña. Branquean vostedes absolutamente todo e hoxe asistimos á súa enésima perrencha, á súa enésima *enfádome e non respiro*, xa non son vostedes nin sequera o Junts de Inés Rey, son xa o Sumar de Inés Rey. Enfádanse, enfádanse moito, enfádanse moitísimo, collen a porta cheos de indignación e... quedan.

*comparativa y en el cual un director general de una conocida marca de detergente citaba a la cámara y le decía al espectador:* busque, compare y si encuentra algo mejor, cómprelo. *Cuarenta años después, y después de muchísimas coladas, puedo afirmar que en mi vida encontré detergente que lave más blanco que el Bloque Nacionalista Galego de A Coruña. Blanquean ustedes absolutamente todo y hoy asistimos a su enésima rabieta, a su enésima* me enfado y no respiro, *ya no son ustedes ni siquiera el Junts de Inés Rey, son ya el Sumar de Inés Rey. Se enfadan, se enfadan mucho, se enfadan muchísimo, cogen la puerta llenos de indignación y... se quedan.*

A súa credibilidade para criticar a quen vostedes sentaron aí, a quen branquean a cotío e a quen manteñen en manterán pase o que pase, é nula e o vimos de ver hai escasamente dúas horas.

*Su credibilidad para criticar a quién ustedes sentaron ahí, a quién blanquean continuamente y a quién mantienen en mantendrán pase lo que pase, es nula y lo acabamos de ver hace escasamente dos horas.*

**Ás catorce horas e un minuto entra no Salón de Sesións o señor Díaz Gallego.**

***A las catorce horas y un minuto entra en el Salón de Sesiones el señor Díaz Gallego.***

Veñen aquí a criticar, a reiterar...

*Vienen aquí a criticar, a reiterar...*

**Presidencia**

***Presidencia***

Señor Jorquera, por favor, garde silencio.

*Señor Jorquera, por favor, guarde silencio.*

**Señor Rodríguez Martínez**

***Señor Rodríguez Martínez***

...a crítica. Veñen aquí a reiterar a crítica de como se xestiona e hai apenas dúas horas volveron a levantar a man para branquear ese *Womex* que tanto os indigna. É unha vergonza.

*...la crítica. Vienen aquí a reiterar la crítica de cómo se gestiona y hace apenas dos horas volvieron a levantar la mano para blanquear ese Womex que tanto nos indigna. Es una vergüenza.*

Non, señora Rey, e non, señores do BNG —remato— non **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, non, señora Rey e non, señores do BNG, non van escoitar de nós nin probablemente dos coruñeses ningún

*No, señora Rey, y no, señores del BNG —finalizo— no* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)****, no, señora Rey y no, señores del BNG, no van a escuchar de nosotros ni probablemente de los coruñeses ningún*

*quítache a culpa* porque a teñen toda, absolutamente toda.

Máis nada e moitas gracias.

**Presidencia**

Moi ben, moitas grazas.

Señor Castro, turno de peche. Non ten límite, tal e como establece o Regulamento, pero... contención, eh?

**Señor Castro Prado**

Non, vou a ser moi breve, señora alcaldesa.

Bueno, unha cuestión só, previa. Non sei se é estilo Castro ou é outro estilo, o que si que podo decirlle é que non o inventei eu, ese estilo, polo que se ve, e volvo a reiterar o mesmo: o Partido Popular 7,8 millóns de compromisos de gasto sen orzamento no IMCE, 7,8 millóns, case 8 millóns. Entón, bueno, creo que, efectivamente, hai que mirarse un pouquiño para dentro tamén antes de facer críticas.

E falando de críticas, a ver, eu creo, e sinceiramente, eh?, e o digo con total humildade, creo que —e o dixen xa unha vez neste pleno—, creo que o rigor é importante, á hora tamén de facer críticas. Ou sexa, creo que o rigor é importante porque finalmente o que podemos é contribuír todos á ceremonia da confusión. Aquí se teñen trasladado unha serie de cuestións que sinceiramente non son certas.

Se traslada un acordo no Consello da Memoria que non é así, e alí se explicou totalmente cal era o procedemento, que valor tiña ese informe do Cornide, e que é máis, non o expliquei eu, explicárono os autores do propio informe, explicouse cal era o procedemento desde o punto de

quítate la culpa *porque la tienen toda, absolutamente toda.*

*Nada más y muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muy bien, muchas gracias.*

*Señor Castro, turno de cierre. No tiene límite, tal y como establece el Reglamento, pero... contención, ¿eh?*

***Señor Castro Prado***

*No, voy a ser muy breve, señora alcaldesa.*

*Bueno, una cuestión solo, previa. No sé si es estilo Castro o es otro estilo, lo que sí que puedo decirle es que no lo inventé yo, ese estilo, por lo que se ve, y vuelvo a reiterar lo mismo: el Partido Popular 7,8 millones de compromisos de gasto sin presupuesto en el IMCE, 7,8 millones, casi 8 millones. Entonces, bueno, creo que, efectivamente, hay que mirarse un poquito para dentro también antes de hacer críticas.*

*Y hablando de críticas, a ver, yo creo, y sinceramente, ¿eh?, y lo digo con total humildad, creo que —y lo dije ya una vez en este pleno—, creo que el rigor es importante, a la hora también de hacer críticas. O sea, creo que el rigor es importante porque finalmente lo que podemos es contribuir todos a la ceremonia de la confusión. Aquí se han trasladado una serie de cuestiones que sinceramente no son ciertas.*

*Se traslada un acuerdo en el Consejo de la Memoria que no es así, y allí se explicó totalmente cuál era el procedimiento, qué valor tenía ese informe del Cornide, y que es más, no lo expliqué yo, lo explicaron los autores del propio informe, se explicó cuál era el procedimiento desde el punto de*

vista administrativo, que debía ter iso, como debía facerse iso. Non me vou a estender porque non forma parte do obxecto disto e hoxe neste pleno se dixo dúas veces unha resolución do Consello da Memoria que non é certa e que non figura nas actas e menos aínda na gravación, porque se fixo unha gravación, dese consello da Memoria.

Entón, creo que hai que ter rigor e se ó final pode haber algunha confusión ou non se entendeu ben un acordo, se pode, pois preguntar, e o digo con total e absoluta tranquilidade e humildade. Creo que o rigor é moi importante, sobre todo se se coñece. Se non se coñecen as cousas, efectivamente, podemos facer unha crítica onde nos podemos equivocar e iso nos pasa a todos, pero se se é testemuña directa dunha cousa, creo que hai que ser rigorosos.

Dito isto, efectivamente... Bueno, sobre o tema da subvención do Consorcio de Turismo, as resolucións son definitivas cando son definitivas. Ou sexa, primeiro, efectivamente, faise unha publicación, dáse un prazo de subsanación... Hei de dicilo, aínda que non se crea, porque non se vai crer, que a continxencia que se produciu nese expediente administrativo estaba resolta antes de que a coñecese o BNG, ou que fixese esa comparecencia pública, pero dá igual, é un tema anecdótico.

En calquera caso, eu agradezo, e a verdade é que o agradezo, que o Bloque Nacionalista Galego estea preocupado da xestión e que advirta de cuestións e exixa que se xestione ben. Eu creo que eso é facer oposición de forma construtiva. Se a iso acompañamos a petición de comparecencia para que un poida explicarse, pois máis aínda.

Bueno, sobre o Consorcio de Promoción da Música, estanse tomando, pois

*vista administrativo, que debía tener eso, cómo debía hacerse eso. No me voy a extender porque no forma parte del objeto de esto y hoy en este pleno se dijo dos veces una resolución del Consejo de la Memoria que no es cierta y que no figura en las actas y menos aún en la grabación, porque se hizo una grabación, de ese consejo de la Memoria.*

*Entonces, creo que hay que tener rigor y si al final puede haber alguna confusión o no se entendió bien un acuerdo, se puede, pues preguntar, y lo digo con total y absoluta tranquilidad y humildad. Creo que el rigor es muy importante, sobre todo si se conoce. Si no se conocen las cosas, efectivamente, podemos hacer una crítica donde nos podemos equivocar y eso nos pasa a todos, pero si se es testigo directo de una cosa, creo que hay que ser rigurosos.*

*Dicho esto, efectivamente... Bueno, sobre el tema de la subvención del Consorcio de Turismo, las resoluciones son definitivas cuando son definitivas. O sea, primero, efectivamente, se hace una publicación, se da un plazo de subsanación... He de decirlo, aunque no se crea, porque no se va a creer, que la contingencia que se produjo en ese expediente administrativo estaba resuelta antes de que la conociera el BNG, o que hiciera esa comparecencia pública, pero da igual, es un tema anecdótico.*

*En cualquier caso, yo agradezco, y la verdad es que lo agradezco, que el Bloque Nacionalista Galego esté preocupado de la gestión y que advierta de cuestiones y exija que se gestione bien. Yo creo que eso es hacer oposición de forma constructiva. Si a eso acompañamos la petición de comparecencia para que uno pueda explicarse, pues más aún.*

*Bueno, sobre el Consorcio de Promoción de la Música, se están tomando, pues*

decisións, como saben todos os membros da Xunta do Consorcio, para, efectivamente, equilibrar unha situación orzamentaria que non se ten ocultado a ninguén. Non vou entrar aquí en facer valoracións de, bueno, cales son as causas desa xestión orzamentaria porque eu creo que está xa escrito nos propios informes do interventor, todos os coñecemos e están aí para velos.

Sobre a prórroga da conserxería, do servizo de conserxería de Deportes, aínda que non formaba parte desta comparecencia, eu teño que explicalo. Efectivamente, cando este concelleiro asume a competencia de coordinación da Área de Fomento e Promoción da Cidade advertimos unha situación no contrato de conserxería que é que non se tiña producido a prórroga nos prazos legais, efectivamente, e se advirte iso. Entón, se toma unha decisión consultado con Asesoría Xurídica, armándoa desde o punto de vista xurídico. Despois xa sabemos que no ámbito xurídico un pode, pois discutir, non?, as cousas e pode chegar, pois a conclusións no ámbito, pois xudicial que non comparto. Eu non comparto a sentencia, teño que dicilo. Creo que a sentencia equivócase, pero bueno, dito isto, o que se fixo foi, pois bueno, dentro do marco legal e da interpretación legal que cabía nese caso, intentar que o servizo se continuase prestando por quen quería deixalo, ademais de forma abrupta e creo que, bueno, de forma incorrecta, por dicilo así, sobre todo e fundamentalmente para preservar os dereitos dos traballadores. Ese foi o obxectivo.

Bueno, creo que, efectivamente, facer un esforzo de interpretación da legalidade para protexer os traballadores creo que entra dentro do razonable. Bueno, diría máis, creo que entra dentro do exixible a calquera xestor público cun mínimo de sensibilidade tamén cara ós traballadores

*decisiones, como saben todos los miembros de la Junta del Consorcio, para, efectivamente, equilibrar una situación presupuestaria que no se ha ocultado a nadie. No voy a entrar aquí en hacer valoraciones de, bueno, cuáles son las causas de esa gestión presupuestaria porque yo creo que está ya escrito en los propios informes del interventor, todos los conocemos y están ahí para verlos.*

*Sobre la prórroga de la conserjería, del servicio de conserjería de Deportes, aunque no formaba parte de esta comparecencia, yo tengo que explicarlo. Efectivamente, cuando este concejal asume la competencia de coordinación del Área de Fomento y Promoción de la Ciudad advertimos una situación en el contrato de conserjería que es que no se había producido la prórroga en los plazos legales, efectivamente, y se advierte eso. Entonces, se toma una decisión consultado con Asesoría Jurídica, armándola desde el punto de vista jurídico. Después ya sabemos que en el ámbito jurídico uno puede, pues discutir, ¿no?, las cosas y puede llegar, pues a conclusiones en el ámbito, pues judicial que no comparto. Yo no comparto la sentencia, tengo que decirlo. Creo que la sentencia se equivoca, pero bueno, dicho esto, lo que se hizo fue, pues bueno, dentro del marco legal y de la interpretación legal que cabía en ese caso, intentar que el servicio se continuara prestando por quien quería dejarlo, además de forma abrupta y creo que, bueno, de forma incorrecta, por decirlo así, sobre todo y fundamentalmente para preservar los derechos de los trabajadores. Ese fue el objetivo.*

*Bueno, creo que, efectivamente, hacer un esfuerzo de interpretación de la legalidad para proteger a los trabajadores creo que entra dentro de lo razonable. Bueno, diría más, creo que entra dentro de lo exigible a cualquier gestor público con un mínimo de sensibilidad también hacia los*

que prestan servizos en empresas que teñen contratos con este concello, non?

E despois, outra das cuestións que se comentou aquí, por non estenderme moito máis, o do *Wake up*. Bueno, o *Wake up*, efectivamente, existe un expediente cuns informes, creo que xa teñen solicitado o acceso a el, poden comprobar exhaustivamente que é o que se fixo ou non se fixo e, efectivamente, vamos, este concelleiro está disposto a explicar en termos de legalidade o que haxa que presentar para acreditar que ese expediente respecta total e absolutamente a legalidade, administrativa, medioambiental e calquera outra aplicable á realización de ese evento.

Eu simplemente, e para finalizar, bueno, vamos a ver, eu creo que toda xestión é mellorable, eso creo que é así. Todo se pode facer mellor, pero si que é certo que —e eu traslado o que dixen na primeira intervención—, que ó final o que nos avala, digamos, ós xestores públicos, pois é..., son precisamente os datos e os feitos. O que é indiscutible é que esta cidade está nun dos seus mellores momentos desde o punto de vista cultural e turístico. Creo que todos podemos aportar moito a ese momento. Desde a nosa perspectiva, cada un ten a súa e, efectivamente, creo que incluso son complementarias en moitos sentidos e o que temos é que traballar precisamente nunha liña que creo que é moi importante, non?, na de non desacreditar, non contribuír, digamos, a veces, que a crítica é, efectivamente, é lexítima, pero creo que debe ter un límite que é non desacreditar ou non contribuír a danar reputacionalmente a nosa cidade, que ó final é o que nos ocupa e nos preocupa a todos, que a nosa cidade funciones, que avance, que sea un referente e dentro diso creo que aí debe de estar o límite á crítica, e aí si que ten moita importancia o rigor, non?.

*trabajadores que prestan servicios en empresas que tienen contratos con este ayuntamiento, ¿no?*

*Y después, otra de las cuestiones que se comentó aquí, por no extenderme mucho más, lo del Wake up. Bueno, el Wake up, efectivamente, existe un expediente con unos informes, creo que ya han solicitado el acceso a él, pueden comprobar exhaustivamente qué es lo que se hizo o no se hizo y, efectivamente, vamos, este concejal está dispuesto a explicar en términos de legalidad lo que haya que presentar para acreditar que ese expediente respeta total y absolutamente la legalidad, administrativa, medioambiental y cualquiera otra aplicable a la realización de ese evento.*

*Yo simplemente, y para finalizar, bueno, vamos a ver, yo creo que toda gestión es mejorable, eso creo que es así. Todo se puede hacer mejor, pero sí que es cierto que —y yo traslado lo que dije en la primera intervención—, que al final lo que nos avala, digamos, a los gestores públicos, pues es..., son precisamente los datos y los hechos. El que es indiscutible es que esta ciudad está en uno de sus mejores momentos desde el punto de vista cultural y turístico. Creo que todos podemos aportar mucho la ese momento. Desde nuestra perspectiva, cada uno tiene la suya y, efectivamente, creo que incluso son complementarias en muchos sentidos y lo que tenemos es que trabajar precisamente en una línea que creo que es muy importante, ¿no?, en la de no desacreditar, no contribuir, digamos, a veces, que la crítica es, efectivamente, es legítima, pero creo que debe tener un límite que es no desacreditar o no contribuir a dañar reputacionalmente nuestra ciudad, que al final es lo que nos ocupa y nos preocupa a todos, que nuestra ciudad funciones, que avance, que sea un referente y dentro de eso creo que ahí debe de estar el límite a la crítica, y ahí sí que tiene mucha*

*importancia el rigor, ¿no?.*

Creo que o rigor é moi importante e bueno, eu sen máis, remato dicindo que, efectivamente, pois asumo, porque non hai ningún problema, calquera cuestión que se deba de mellorar. Agradezo que se traslade a preocupación pola xestión nun ámbito moi importante, sobre todo no contexto no que nos movemos na nosa cidade, que é o cultural e o turístico, e estou a disposición de todos os grupos, sábeno ben, para comentar, aclarar e recibir as suxerencias e os requerimentos, e as críticas, como non pode ser doutro xeito, que estimen, pois pertinentes.

*Creo que el rigor es muy importante y bueno, yo sin más, finalizo diciendo que, efectivamente, pues asumo, porque no hay ningún problema, cualquier cuestión que se deba de mejorar. Agradezco que se traslade la preocupación por la gestión en un ámbito muy importante, sobre todo en el contexto en el que nos movemos en nuestra ciudad, que es el cultural y el turístico, y estoy a disposición de todos los grupos, lo saben bien, para comentar, aclarar y recibir las sugerencias y los requerimientos, y las críticas, como no puede ser de otro modo, que estimen, pues pertinentes.*

**Presidencia**

Moitas grazas.

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

**4º. Preguntas de resposta oral.**

***4º. Preguntas de respuesta oral.***

**PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

***PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

**Primeira. Pregunta de resposta oral sobre o carril bici.**

***Primera. Pregunta de respuesta oral sobre el carril bici.***

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

Moitas grazas. Pasamos xa ás preguntas de resposta oral. Comezamos pola primeira do Bloque Nacionalista Galego sobre o estado do carril bici.

Señor Lage, se me pode substituír na Presidencia un minuto, agradézollo.

***Presidencia***

*Muchas gracias. Pasamos ya a las preguntas de respuesta oral. Comenzamos por la primera del Bloque Nacionalista Galego sobre el estado del carril bici.*

*Señor Lage, si me puede sustituir en la Presidencia un minuto, se lo agradezco.*

**Ás catorce horas e dez minutos saen do Salón de Sesións o señor Rodríguez Martínez e a señora alcaldesa, e pasa a presidir a sesión o primeiro tenente de alcaldesa, señor Lage Tuñas.**

***A las catorce horas y diez minutos salen del Salón de Sesiones el señor Rodríguez Martínez y la señora alcaldesa, y pasa a presidir la sesión el primer teniente de alcaldesa, señor Lage Tuñas.***

**Presidencia accdtal. (señor Lage Tuñas)**

Ten a palabra a señora Veira.

**Señora Veira González**

Si. Como valora o Goberno municipal o estado do carril bici?

**Señora Díaz Vázquez**

Si. En primeiro lugar, moi bo día a todas as persoas presentes e todas aquelas que nos seguen por *streaming*.

Pois con respecto á avaliación do carril bici, na actualidade, esa avaliación é moi positiva.

**Señora Veira González**

Ben, pois desde o BNG, no diálogo común que temos coa xente da nosa cidade, coa xente que utiliza a bicicleta, pois nos últimos tempos téñennos achegado unha serie de deficiencias acerca do carril bici que entendemos que temos que poñer de manifesto neste pleno e que o Goberno local debería, lonxe de crer que todo está ben, quedarse en iso, recibir estas críticas e por suposto executar un plan de mellora do carril bici, non?.

Para nós é fundamental que o Goberno municipal afronte as situacións que hai hoxe en día na nosa cidade de tramos do carril bici que teñen unha vexetación excesiva e que na práctica impiden que se utilice ese carril bici. Creemos que o Goberno municipal debía afrontar eses xiros perigosos que hai na nosa cidade que son un perigo para os propios ciclistas porque hai dificultades de visión para fundamentalmente as persoas que transitan pola cidade en vehículo privado. Nós creemos que hai que ter moito

***Presidencia accdtal. (señor Lage Tuñas)***

*Tiene la palabra la señora Veira.*

***Señora Veira González***

*Sí. ¿Cómo valora el Gobierno municipal el estado del carril bici?*

***Señora Díaz Vázquez***

*Si. En primer lugar, muy buenos días a todas las personas presentes y todas aquellas que nos siguen en directo.*

*Pues con respecto a la evaluación del carril bici, en la actualidad, esa evaluación es muy positiva.*

***Señora Veira González***

*Bien, pues desde el BNG, en el diálogo común que tenemos con la gente de nuestra ciudad, con la gente que utiliza la bicicleta, pues en los últimos tiempos nos han hecho llegar una serie de deficiencias acerca del carril bici que entendemos que tenemos que poner de manifiesto en este pleno y que el Gobierno local debería, lejos de creer que todo está bien, quedarse en eso, recibir estas críticas y por supuesto ejecutar un plan de mejora del carril bici, ¿no?*

*Para nosotros es fundamental que el Gobierno municipal afronte las situaciones que hay hoy en día en nuestra ciudad de tramos del carril bici que tienen una vegetación excesiva y que en la práctica impiden que se utilice ese carril bici. Creemos que el Gobierno municipal debía afrontar esos giros peligrosos que hay en nuestra ciudad que son un peligro para los propios ciclistas porque hay dificultades de visión para fundamentalmente las personas que transitan por la ciudad en vehículo privado. Nosotros creemos que*

coidado con estes xiros porque son un perigo tanto para a xente que vai en vehículo privado como sobre todo os ciclistas levan a peor parte desde logo se houbese un accidente. Cremos que é fundamental que se resolvan estes xiros da mellor maneira posíbel para os ciclistas porque se hai xiros perigosos iso tamén detrae aos propios ciclistas de utilizar estas vías e de que a xente se poida animar a utilizar estas vías. Cremos tamén que hai tramos do carril bici hoxe en día que están en mal estado ou incluso que non están, que morren en sitios que non unha continuidade de ese carril.

*hay que tener mucho cuidado con estos giros porque son un peligro tanto para la gente que va en vehículo privado como sobre todo los ciclistas llevan la peor parte desde luego se hubiera un accidente. Creemos que es fundamental que se resuelvan estos giros de la mejor manera posible para los ciclistas porque si hay giros peligrosos eso también detrae a los propios ciclistas de utilizar estas vías y de que la gente se pueda animar a utilizar estas vías. Creemos también que hay tramos del carril bici hoy en día que están en mal estado o incluso que no están, que mueren en sitios que no una continuidad de ese carril.*

Cremos que hai que revisar todas estas cuestións, que o Goberno municipal debe revisar todas estas cuestións e que ten que anunciar unha planificación para actuar en todas estas deficiencias.

*Creemos que hay que revisar todas estas cuestiones, que el Gobierno municipal debe revisar todas estas cuestiones y que tiene que anunciar una planificación para actuar en todas estas deficiencias.*

E tamén cremos que hai algunhas zonas nas que hai..., de repente desaparece o carril bici, que hai que ordenar eses espazos que se converten en espazos de coexistencia co peón. Cremos que hai que dalgunha maneira darse conta de que estes espazos existen e que son susceptibles de mellorar. Non dicimos que teñan que deixar de existir, senón que son mellorábeis e que o Goberno municipal debe de darse conta de que a veces hai conflitos e que debe actuarse neles.

*Y también creemos que hay algunas zonas en las que hay..., de repente desaparece, el carril bici, que hay que ordenar esos espacios que se convierten en espacios de coexistencia con el peatón. Creemos que hay que de alguna manera darse cuenta de que estos espacios existen y que son susceptibles de mejorar. No decimos que tengan que dejar de existir, sino que son mejorables y que el Gobierno municipal debe de darse cuenta de que a veces hay conflictos y que debe actuarse en ellos.*

Simplemente queríamos deixar de manifesto estas cuestións que nos chegan ao grupo municipal do BNG por parte de diferentes persoas de persoas que utilizan a bicicleta e tamén de peóns e cremos que o Goberno ten que recibilas e ten que actuar en consecuencia e para iso facemos esta pregunta oral.

*Simplemente queríamos dejar de manifiesto estas cuestiones que nos llegan al grupo municipal del BNG por parte de diferentes personas de personas que utilizan la bicicleta y también de peatones y creemos que el Gobierno tiene que recibirlas y tiene que actuar en consecuencia y para eso hacemos esta pregunta oral.*

Nada máis.

*Nada más.*

**Señora Díaz Vázquez**

Moi ben, moitas grazas.

Pois bueno, como dicía, a valoración é moi positiva porque partimos dun punto no que era unha..., practicamente inexistente o carril bici e en poucos anos desenvolvéronse unha gran cantidade de tramos que ao final van conformando a rede que temos. A día de hoxe contamos cun total de 56 quilómetros de vías ciclables e estanse a executar neste momento 3,74 quilómetros máis.

Con respecto ao estado de conservación, pois o mantemento lévase a cabo igual que o resto de vías da cidade. As incidencias vanse solucionando, ademais, a medida que se van recibindo, polo tanto, recibimos con agrado e revisaremos os puntos que nos digan que son necesarios e ao mesmo tempo tamén, cando se fan intervencións de mellora en distintas rúas, urbanizacións e reurbanizacións, pois mellórase e repárase tamén o carril bici pertinente.

Con respecto á vexetación, pois o mesmo. Igual que se fai no resto de vías, a vexetación, hai que ter en conta que na primaveira medra moito máis, os distintos lotes de mantemento das cidades son as responsables de facer os recortes pertinentes, por exemplo, podo dicir agora mesmo non é carril bici, pero a mediana de Manuel Murguía estase a recortar porque tamén pode ser un obstáculo para os vehículos. Aínda así, faise unha inspección rutinaria para detectar estes puntos e melloralos.

Con respecto a eses puntos que me comenta de coexistencia a través da Ordenanza de mobilidade precisamente se regulan eses puntos de coexistencia entre viandantes e bicicletas.

**Ás catorce horas e dezaseis minutos sae**

***Señora Díaz Vázquez***

*Muy bien, muchas gracias.*

*Pues bueno, como decía, la valoración es muy positiva porque partimos de un punto en el que era una..., prácticamente inexistente el carril bici y en pocos años se desarrollaron una gran cantidad de tramos que al final van conformando la red que tenemos. A día de hoy contamos con un total de 56 kilómetros de vías ciclables y se están ejecutando en este momento 3,74 kilómetros más.*

*Con respecto al estado de conservación, pues el mantenimiento se lleva a cabo igual que el resto de vías de la ciudad. Las incidencias se van solucionando, además, a medida que se van recibiendo, por lo tanto, recibimos con agrado y revisaremos los puntos que nos digan que son necesarios y al mismo tiempo también, cuando se hacen intervenciones de mejora en distintas calles, urbanizaciones y reurbanizaciones, pues se mejora y se repara también el carril bici pertinente.*

*Con respecto a la vegetación, pues lo mismo. Igual que se hace en el resto de vías, la vegetación, hay que tener en cuenta que en la primavera crece mucho más, los distintos lotes de mantenimiento de las ciudades son las responsables de hacer los recortes pertinentes, por ejemplo, puedo decir ahora mismo no es carril bici, pero la mediana de Manuel Murguía se está recortando porque también puede ser un obstáculo para los vehículos. Aun así, se hace una inspección rutinaria para detectar estos puntos y mejorarlos.*

*Con respecto a esos puntos que me comenta de coexistencia a través de la Ordenanza de movilidad precisamente se regulan esos puntos de coexistencia entre viandantes y bicicletas.*

***A las catorce horas y dieciséis minutos***

**do Salón de Sesións o señor García Fernández.**

*sale del Salón de Sesiones el señor García Fernández.*

Gustaríame si, facer fincapé nos datos porque en xuño superouse por primeira vez o número de usos mensuais cun número de 160.000 usos nese mes. Tamén dentro do mes de xuño o pasado 26 bateuse o pico de usos diarios con máis de 7.000 viaxes nesa xornada. Saben que na actualidade dispoñemos de 49 estacións e que se están implantando 30 novas estacións máis, a máis de que xa puxemos 100 bicicletas eléctricas a disposición do servizo e que se completará con 200 bicicletas eléctricas máis.

*Me gustaría sí, hacer hincapié en los datos porque en junio se superó por primera vez el número de usos mensuales con un número de 160.000 usos en ese mes. También dentro del mes de junio el pasado 26 se batió el pico de usos diarios con más de 7.000 viajes en esa jornada. Saben que en la actualidad disponemos de 49 estaciones y que se están implantando 30 nuevas estaciones más, además de que ya pusimos 100 bicicletas eléctricas a disposición del servicio y que se completará con 200 bicicletas eléctricas más.*

| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad propietarios Simón Bolívar 21, 29 y 31 | H15712813 | Comunidad propietarios, manzana 7 Los Rosales, derrama barandillas 2023 | 1D/23 | 29/03/2023 | 30.1522.22691 | | 2.023,65 |
| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad propietarios Simón Bolívar 21, 29 y 31 | H15712813 | Cuota comunidad propietarios, manzana 7 Los Rosales, abril 2022 | 04/22 | 01/04/2022 | 30.1522.22691 | | 528,00 |
| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad propietarios Simón Bolívar 21, 29 y 31 | H15712813 | Cuota comunidad propietarios, manzana 7 Los Rosales, mayo 2022 | 05/22 | 01/05/2022 | 30.1522.22691 | | 550,00 |
| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad propietarios Simón Bolívar 21, 29 y 31 | H15712813 | Cuota comunidad propietarios, manzana 7 Los Rosales, junio 2022 | 06/22 | 01/06/2022 | 30.1522.22691 | | 550,00 |
| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad de propietarios garajes PERI III As Lagoas | H15703234 | Cuotas comunidad plazas aparcamiento garajes, año 2022 | 0122 | 29/12/2022 | 30.1522.22691 | | 640,00 |
| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad de propietarios garajes PERI III As Lagoas | H15703234 | Cuotas comunidad plazas aparcamiento garajes, año 2023 | 0123 | 29/12/2023 | 30.1522.22691 | | 640,00 |
| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad propietarios Plaza Esteban Lareo 7 | H15289945 | Cuotas CP Plaza Estaban Lareo, 7, enero a diciembre 2023 | 9 | 29/04/2024 | 30.1522.22691 | | 600,00 |
| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad propietarios Calle Ribeira Sacra 15 a 21 | H70276902 | Cuota agua caliente sanitaria (ACS) portal 19, de enero a diciembre 2022 | 2024/VIV-ACS2 | 18/11/2024 | 30.1522.22691 | | 811,55 |

| ÁREA DE GOBIERNO | DEPARTAMENTO | ACREEDOR | NIF | CONCEPTO | NÚM. FRA | FECHA FRA | APLICACIÓN | COD. PROYECTO | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad propietarios Calle Ribeira Sacra 15 a 21 | H70276902 | Cuota agua caliente sanitaria (ACS) portal 19, de enero a diciembre 2023 | 2024/VIV-ACS3 | 19/11/2024 | 30.1522.22691 | | 777,15 |
| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad de propietarios Joaquín Martin Martínez 10 | H15547771 | Cuota comunidad propietarios Joaquín Martín Martínez, 10, enero a diciembre 2022 | 01/22 | 01/01/2022 | 30.1522.22691 | | 420,00 |
| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad de propietarios Joaquín Martin Martínez 10 | H15547771 | Cuota comunidad propietarios Joaquín Martín Martínez, 10, enero a diciembre 2023 | 01/23 | 01/01/2023 | 30.1522.22691 | | 480,00 |
| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad de propietarios Joaquín Martin Martínez 10 | H15547771 | Derrama comunidad propietarios Joaquín Martín Martínez, 10, febrero, marzo, julio 2022 | 02/22 | 01/01/2022 | 30.1522.22691 | | 1.686,76 |
| URBANISMO, REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | REHABILITACIÓN Y VIVIENDA | Comunidad de propietarios Joaquín Martin Martínez 10 | H15547771 | Derrama comunidad propietarios Joaquín Martín Martínez, 10, septiembre 2023 | 02/23 | 01/01/2023 | 30.1522.22691 | | 75,00 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Tarjetas tipo general utilizadas en autobuses, octubre 2024 | 24- 140 | 31/10/2024 | 41.4411.48991 | | 1.586.661,28 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Tarjetas tipo social utilizadas en autobuses, octubre 2024 | 24- 141 | 31/10/2024 | 41.4411.48991 | | 279.995,76 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Tarjetas tipo universitario utilizadas en autobuses, octubre 2024 | 24- 142 | 31/10/2024 | 41.4411.48991 | | 4.449,45 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Tarjetas tipo universitario 2 utilizadas en autobuses, octubre 2024 | 24- 143 | 31/10/2024 | 41.4411.48991 | | 92.968,09 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Tarjetas tipo menor de 13 años utilizadas en autobuses, octubre 2024 | 24- 144 | 31/10/2024 | 41.4411.48991 | | 70.194,09 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Transbordos realizados en autobuses, octubre 2024 | 24- 145 | 31/10/2024 | 41.4411.48991 | | 43.330,18 |

| ÁREA DE GOBIERNO | DEPARTAMENTO | ACREEDOR | NIF | CONCEPTO | NÚM. FRA | FECHA FRA | APLICACIÓN | COD. PROYECTO | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Tarifa plana por recurrencia, octubre 2024 | 24- 146 | 31/10/2024 | 41.4411.48991 | | 21.675,10 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Recargas en concepto de compensaciones universitarias 2, octubre 2024 | 24- 147 | 31/10/2024 | 41.4411.48991 | | 29,06 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Tarjetas tipo general utilizadas en autobuses, noviembre 2024 | 24- 153 | 30/11/2024 | 41.4411.48991 | | 1.445.330,04 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Tarjetas tipo social utilizadas en autobuses, noviembre 2024 | 24- 154 | 30/11/2024 | 41.4411.48991 | | 265.476,40 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Tarjetas tipo universitario utilizadas en autobuses, noviembre 2024 | 24- 155 | 30/11/2024 | 41.4411.48991 | | 8.845,59 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Tarjetas tipo universitario 2 utilizadas en autobuses, noviembre 2024 | 24- 156 | 30/11/2024 | 41.4411.48991 | | 100.958,50 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Tarjetas tipo menor de 13 años utilizadas en autobuses, noviembre 2024 | 24- 157 | 30/11/2024 | 41.4411.48991 | | 63.773,27 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Transbordos realizados en autobuses, noviembre 2024 | 24- 158 | 30/11/2024 | 41.4411.48991 | | 39.900,55 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Tarifa plana por recurrencia, noviembre 2024 | 24- 159 | 30/11/2024 | 41.4411.48991 | | 28.881,81 |
| INFRAESTRUCTURAS Y MOVILIDAD | MOVILIDAD URBANA | Compañía de Tranvías de La Coruña, SA | A15000227 | Recargas en concepto de compensaciones universitarias 2, noviembre 2024 | 24- 160 | 30/11/2024 | 41.4411.48991 | | 480,70 |
| | | | | | | | | | **4.062.806,98** |

**Anexo**

# REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DA CIDADE DA CORUÑA

## ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPÍTULO I. NATUREZA XURÍDICA

Artigo 1.Natureza xurídica, réxime xurídico e fins

Artigo 2. Independencia

CAPÍTULO II. SEDE E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Artigo 3. Sede

Artigo 4. Ámbito de actuación

TÍTULO II. FUNCIÓNS

Artigo 5. Funcións

Artigo 6. Carácter consultivo

Artigo 7. Prazos para a emisión de informes, estudos e ditames

TÍTULO III. DOS ÓRGANOS DO CONSELLO

CAPÍTULO I. COMPOSICIÓN DO CONSELLO

Artigo 8. Composición

Artigo 9. Persoas convidadas

CAPÍTULO II. DO RÉXIME XURÍDICO DOS CONSELLEIROS E CONSELLEIRAS

Artigo 10. Nomeamento, mandato e cesamentos

Artigo 11. Dereitos dos e das membros do Consello

Artigo 12. Deberes dos e das membros do Consello

CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS DO CONSELLO

Artigo 13. Órganos do Consello

CAPÍTULO IV. DO PLENO

Artigo 14. Composición do pleno

Artigo 15. Funcións do pleno

Artigo 16. Réxime de sesións do pleno

Artigo 17. Convocatoria das reunións do pleno

Artigo 18. Réxime de adopción de acordos

Artigo 19. Carácter público dos acordos

Artigo 20. Sesión constitutiva

Artigo 21. Primeira sesión do Consello

Artigo 22. Réxime das sesións do pleno

**Artigo 23. Debates**

**Artigo 24. Votacións e adopción de acordos**

**Artigo 25. Votos particulares**

**Artigo 26. Actas das sesións**

**CAPÍTULO V. DA COMISIÓN PERMANENTE**

**Artigo 27. Composición**

**Artigo 28. Funcións**

**Artigo 29. Réxime de reunións**

**Artigo 30. Adopción de acordos na Comisión permanente**

**CAPÍTULOS VI. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DO CONSELLO**

**Artigo 31. A Presidencia**

**Artigo 32. Funcións da Presidencia**

**Artigo 33. A Vicepresidencia e as súas funcións**

**Artigo 34. Da Secretaría Xeral**

**Artigo 35. Funcións da Secretaría Xeral**

**Artigo 36. Órgano de apoio e coordinación técnica**

**Artigo 37. As comisións de traballo**

**Artigo 38. Composición das comisións de traballo**

**Artigo 39. Organización interna das comisións de traballo**

**Artigo 40. Informes, estudos e ditames da comisión de traballo**

**TÍTULO IV. DO PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DOS DITAMES, ESTUDOS E INFORMES**

**Artigo 41. Competencia**

**Artigo 42. Dos ditames**

**Artigo 43. Información**

**Artigo 44. Procedemento ordinario de tramitación de ditames, informes e estudos**

**Artigo 45. Presentación de emendas**

**Artigo 46. Deliberacións no pleno**

**TITULO V. XESTIÓN ECONÓMICA E REGULACIÓN SUPLETORIA**

**Artigo 47. Suficiencia de medios e autonomía de xestión**

**Artigo 48. Recursos**

**Artigo 49. Indemnizacións por asistencia ás sesións que se fixen**

TÍTULO VI. MEDIOS TELEMÁTICOS

**Artigo 50. Sesións a distancia e por medios telemáticos**

TITULO VII. REFORMA E DISOLUCIÓN

**Artigo 51. Modificación**

**Artigo 52. Disolución**

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

DISPOSICIÓN FINAL

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha sociedade que pretenda avanzar nun modelo de democracia participativa terá que establecer os leitos adecuados para asegurar a presenza da cidadanía nos ámbitos da política xeral e local.

O artigo 9 da Constitución Española no seu parágrafo segundo establece que corresponde aos poderes públicos “facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”, conxuntamente co dereito destes a participar nos asuntos públicos, tal e como recolle o artigo 23 da mesma.

O desenvolvemento normativo destes mandatos constitucionais no ámbito local regúlase na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno local, sendo ademais pormenorizadas pola lexislación autonómica sobre réxime local (Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia) e polo Regulamento Orgánico de Participación Cidadá do Concello da Coruña, aprobado en pleno municipal o 02.11.2004. Regulamento que ten por obxectivo establecer os procedementos que fagan efectiva a participación da veciñanza na vida pública local.

A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno local, introduciu o artigo 131 na Lei 7/1985, polo que se crea e configura o Consello Social da Cidade. Séguese, desta forma, o criterio de introdución nas políticas locais de órganos de carácter consultivo involucrados no tecido social das cidades para participar nos seus estudos, ditames e opinións sobre o desenvolvemento estratéxico das mesmas.

As cidades como A Coruña afrontan novos desafíos e para iso deben de impulsarse e canalizarse procesos abertos, plurais e participativos sobre os temas máis relevantes que afectan ao presente e ao futuro da metrópole. Desde esta perspectiva, o Consello Económico e Social da Coruña configúrase neste regulamento orgánico como un órgano colexiado de carácter consultivo e de participación das principais organizacións económicas, sociais, profesionais e da veciñanza do municipio.

Neste sentido e desde unha visión ampla da participación do Terceiro Sector, e doutra banda tamén vertebradora da propia cidade, considérase idónea, a localización da sede do Consello no Palacio Municipal de María Pita, sede do Concello da Coruña.

Os obxectivos do Consello son promover o diálogo aberto, transparente e responsable sobre o modelo de cidade, así como o papel dos actores sociais e da Administración municipal na conformación dunha cidade mellor, máis democrática, atractiva, plural e centrada no benestar da súa cidadanía e das persoas que a visitan.

Os valores que orientan ao Consello son os propios do diálogo en democracia, co obxectivo de fomentar a responsabilidade de todos os axentes do termo municipal na procura de compromisos cun proxecto de cidade compartido, no que conflúan os intereses lexítimos da cidadanía coruñesa de hoxe, pero tamén dos futuros.

Por último, cabe sinalar que o Regulamento orgánico do Consello Económico e Social da Cidade da Coruña configúrase como unha norma organizativa da Administración municipal. Regula unha organización interna: o funcionamento, as funcións e a composición dun órgano de obrigada creación nos concellos de gran poboación segundo a Lei de bases do réxime local. Carece, polo tanto de impacto significativo na actividade económica da cidade, tendo en conta que se configura como un órgano de natureza consultiva que emitirá estudos, informes e ditames que non terán carácter vinculante. Así mesmo, non impón obrigas relevantes para a cidadanía, máis alá que a de achegar propostas por parte dos membros do Consello para contribuír a mellorar as políticas públicas en materia económica e social que deberá adoptar e implantar a posteriori, en todo caso, o Concello da Coruña, se así o deciden os seus órganos de goberno.

En definitiva, coa aprobación deste Regulamento orgánico ponse en marcha o Consello Económico e Social da Cidade da Coruña, un Consello moderno e do século XXI, para trazar as liñas mestras da cidade que queremos.

## TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CAPÍTULO I. NATUREZA XURÍDICA

#### Artigo 1. Natureza xurídica, réxime xurídico e fins

1.1 De conformidade co previsto na normativa básica de réxime local, créase o Consello Económico e Social da Cidade da Coruña.

1.2 O Consello Económico e Social configúrase como un órgano de natureza consultiva e de participación de carácter permanente, cuxa misión é mellorar a calidade de vida da súa cidadanía mediante un espazo de pensamento estratéxico no que se materialice a participación ampla e plural da sociedade, constituíndo un espazo cualificado de deliberación, debate, estudo e proposta, que oriente e sirva de soporte á xestión dos principais temas e asuntos públicos da cidade da Coruña e que será directamente dependente da Alcaldía.

1.3 O Consello Económico e Social da Cidade da Coruña rexerase polo disposto na lexislación aplicable de réxime local, no presente regulamento de natureza orgánica e na normativa sobre réxime xurídico e procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### Artigo 2. Independencia

O Consello Económico e Social da Cidade da Coruña, como órgano de consulta, participación e asesoramento en materia socioeconómica da corporación local, goza de plena independencia no exercicio das súas funcións.

### CAPÍTULO II. SEDE E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

#### Artigo 3. Sede

A Sede do Consello Económico e Social da Cidade da Coruña será a do Concello da Coruña, no Palacio Municipal de María Pita. Con todo, poderán celebrarse excepcionalmente sesións plenarias en calquera outro lugar, por convocatoria da Presidencia.

#### Artigo 4. Ámbito de actuación

O ámbito de actuación deste Consello estenderase ao termo municipal da Coruña. Iso sen prexuízo dos contactos e intercambios con outros consellos análogos, locais, nacionais ou internacionais.

Aínda que o Consello Social incide fundamentalmente en cuestiones de ámbito do municipio da Coruña, numerosos asuntos teñen alcance metropolitano, e incluso provincial, polo que se considera factible que o Consello Social poida mostrar interese por problemas, actuacións ou iniciativas que afecten ou aborden tanto a realidade da capital coruñesa como a da súa área metropolitana.

## TÍTULO II. FUNCIÓNS

#### Artigo 5. Funcións

1.- Correspóndelle ao Consello a emisión de informes, estudos e propostas en materia de desenvolvemento económico local, planificación estratéxica da cidade e grandes proxectos urbanos.

2.- O Consello Económico e Social desenvolverá as seguintes funcións:

a) Informar, con carácter facultativo e non vinculante, en relación con:

-Instrumentos de planificación estratéxica local.

-Os proxectos que pola súa especial transcendencia no impulso da cidade sexan considerados importantes para o desenvolvemento socioeconómico da Coruña.

-Os proxectos e plans de actuación que teñan por finalidade a promoción empresarial, a creación de emprego na cidade e os dereitos laborais.

-Informar sobre o orzamento xeral municipal.

b) Emitir un informe anual sobre a situación económica e laboral da cidade, realizando unha diagnose sobre os sectores económicos que máis oportunidades ofrecen e identificando aqueles que os poderes públicos deben considerar estratéxicos; pero analizando tamén a situación das relacións laborais na cidade, nomeadamente, a conflitividade laboral, a situación do mercado de traballo e os sectores que xeran máis demanda.

c) Actuar como espazo de participación e diálogo das distintas persoas interlocutoras sociais na análise e propostas sobre asuntos de carácter socio-económico.

d) Impulsar iniciativas para a aprobación de disposicións municipais de carácter xeral.

e) Expor ao Concello plans estratéxicos ou de carácter sectorial ou territorial.

f) Promover a realización de estudos sobre materias de interese local.

g) Elaborar e aprobar a Memoria de Actividades do Consello sobre as actuacións realizadas no ano e elevala, dentro dos cinco primeiros meses do ano seguinte, ao pleno da corporación municipal da Coruña.

h) Emitir ditames sobre os asuntos, que, con carácter facultativo, lle sexan solicitados polo Goberno local e polo pleno da corporación en materia económica e social.

i) Debater e impulsar accións orientadas á mellora e ao desenvolvemento da vida económica e social da cidade da Coruña, especialmente nos temas que sexan de competencia do sector público local.

j) Realizar actividades divulgativas, formativas, xornadas, encontros, conferencias, congresos, cursos ou outras relacionadas coas súas funcións e dos membros que o compoñen.

k) Emitir informes nos supostos de catástrofes, calamidades ou outras situacións extraordinarias.

3.- Os órganos da Administración local da Coruña deberán proporcionar toda a información e documentación necesaria para que o Consello realice adecuadamente as funcións enumeradas no apartado anterior.

4.- Como criterio xeral, todas as actuacións do Consello Económico e Social realizaranse en galego, de conformidade coa Ordenanza reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña, aprobada de forma definitiva na sesión ordinaria celebrada o 03.06.2021, sen prexuízo de que, cando legalmente sexa requisito, ademais de en galego, tamén se fagan noutra/s lingua/s. Será redactada en lingua galega, cando menos, a seguinte documentación: as convocatorias das sesións de todos os órganos do Consello, así como as ordes do día, os ditames, estudos, informes, actas e demais documentos de similar natureza.

**Artigo 6. Carácter consultivo**

Os estudos, informes e ditames emitidos polo Consello Social e Económico da cidade da Coruña non terán carácter vinculante.

**Artigo 7. Prazos para a emisión de informes, estudos e ditames**

1.- O prazo ordinario para a emisión de informes, estudos e ditames será de tres meses, contados a partir da recepción da totalidade da documentación que corresponda.

2.- Cando a complexidade do asunto o demande, a Presidencia ou persoa en quen delegue do Consello, dentro dos 10 primeiros días hábiles desde a recepción da solicitude do informe, poderá solicitar unha ampliación do prazo por un máximo de 15 días hábiles adicionais.

3.- O prazo de emisión de informes, estudos e ditames poderá reducirse a 15 días hábiles cando razóns excepcionais, de urxencia e oportunidade apreciadas polo órgano remitente e pola Comisión permanente do Consello así o aconsellen.

4.- Transcorrido o prazo sen realizarse o pronunciamento correspondente entenderase cumprido o devandito trámite.

## TÍTULO III. DOS ÓRGANOS DO CONSELLO

### CAPÍTULO I. COMPOSICIÓN DO CONSELLO

**Artigo 8. Composición**

1.-O Consello estará constituído polas seguintes persoas

a) A Presidencia, que recaerá na persoa titular da Alcaldía da Coruña ou persoa en quen esta delegue.

b) Unha Vicepresidencia.

c) A Secretaría do Consello.

d) As vogalías.

2.-A Presidencia asumiraa a persoa titular da Alcaldía da Coruña ou persoa en quen esta delegue.

3.-A Vicepresidencia será elixida polo pleno do Consello.

4.-A Secretaría do Consello, e no seu caso a suplencia da mesma, estará desempeñada por un/unha funcionario/a municipal do Concello da Coruña, coa debida cualificación, nomeado/a e cesado/a libremente pola Alcaldía, a proposta do secretario xeral do Concello.

5.-

**5.1. GRUPO I: REPRESENTACIÓN CORPORATIVA**

-A persoa titular da Alcaldía da Coruña ou o/a concelleiro/a ou membro da Xunta de Goberno Local en quen delegue.

-Un/unha membro do Goberno local que teña as competencias en materia de economía.

-Un/unha membro designado/a por cada un dos grupos municipais existentes no pleno municipal.

**5.2. GRUPO II: ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS**

Tres representantes, á proposta da organización máis representativa das organizacións empresariais, en proporción á representatividade institucional que teñan, segundo establece a Disposición Adicional Sexta do Estatuto dos Traballadores, os cales será designados polos órganos competentes da citada organización.

**5.3. GRUPO III: ORGANIZACIÓNS SINDICAIS**

Tres integrantes en representación das organizacións sindicais que obtivesen a condición de máis representativas en proporción á súa representatividade, de acordo co disposto nos artigos 6.2 e 7.1 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, os cales será designados polos órganos competentes das respectivas organizacións.

**5.4. GRUPO IV: REPRESENTACIÓN SOCIAL A TÍTULO COLECTIVO**

-Un/unha representante da Universidade da Coruña, nomeado/a pola persoa que ocupe a Reitoría.

-Un/unha representante da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña.

-Un/unha representante da Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana.

- Un/unha representante dos colexios profesionais con sede na cidade.

**5.5. GRUPO V: REPRESENTACIÓN SOCIAL A TÍTULO INDIVIDUAL**

-Ata un máximo de cinco representantes da cidade de recoñecido prestixio e experiencia no ámbito económico, social e cultural nomeados/as polo pleno do Concello da Coruña a proposta dos grupos políticos municipais de acordo á proporcionalidade existente no pleno do Concello da Coruña.

6. A composición do Consello e dos seus órganos atenderá aos principios de máxima representatividade e presenza equilibrada de xénero.

7. Suplencias. Cada unha das entidades e organizacións representadas no Consello deberán designar tantos/as suplentes como membros lles correspondan que, pola súa orde, poderán substituír aos conselleiros/as titulares en caso de vacante, ausencia ou enfermidade. Exceptúase deste réxime a quen fose designados/as atendendo ao seu recoñecido prestixio social, quen en caso de non poder asistir poderán delegar o seu voto para cada sesión noutro membro do Consello.

As suplencias serán comunicadas por escrito á Secretaría do Consello cunha antelación mínima de 48 horas ao comezo da sesión, con expresión do nome do/a suplente, que gozará na reunión dos mesmos dereitos e obrigacións que os do/da membro titular, tanto no pleno como nas comisións e demais órganos no que estivese integrado.

En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, a presidenta ou presidente será substituído polas persoas titulares das tenencias de Alcaldía do Concello da Coruña na orde do seu nomeamento.

8. A composición do Consello e dos seus órganos atenderá aos principios de máxima representatividade e presenza equilibrada de xénero.

**Artigo 9. Persoas convidadas**

Poderán asistir como convidados as sesións do pleno, con voz e sen voto, as persoas titulares dos órganos superiores ou directivos do Concello ou persoas expertas que sexan convidadas pola Presidencia do Consello, en atención á materia obxecto de estudo ou análise polo Consello e cando as circunstancias así o aconsellen.

## CAPÍTULO II. DO RÉXIME XURÍDICO DOS CONSELLEIROS E CONSELLEIRAS

### Artigo 10. Nomeamento, mandato e cesamentos

1.-Os/as membros do Consello designados/as ou propostos/as polas entidades e asociacións ás que se refire o artigo anterior serán nomeados e cesados pola Xunta de Goberno da cidade da Coruña á proposta da persoa titular da Presidencia do Consello, a quen comunicarán as ditas entidades e asociacións a designación ou proposta e o cesamento, no seu caso, dos/das correspondentes membros.

2.- O mandato dos/das membros do Consello, incluída a persoa que ocupe a Presidencia e a Secretaría, será de catro anos, renovable por períodos de igual duración.

Con todo, os e as membros do Consello, incluído a persoa que ocupe a Presidencia, continuarán no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos e das membros do novo Consello.

3.- A toma de posesión nos supostos de nomeamentos para cubrir vacantes, vixente o mandato do Consello, producidos por algunhas das causas previstas no apartado catro deste mesmo artigo, producirase no prazo de 20 días, a contar desde o nomeamento, ante a Presidencia e a Secretaría Xeral do Consello, e ante esta última e unha Vicepresidencia, se fose a Presidencia quen fose nomeada por cesamento da anterior.

No caso de renovación total do Consello por expiración do mandato do anterior, a toma de posesión terá lugar no pleno convocado para o efecto pola Presidencia saínte, no prazo de 20 días a contar desde a expiración do mandato, e efectuarase, a da nova Presidencia ante a Secretaría Xeral e a dos demais membros ante esta última e a Presidencia.

4.- Os e as membros do Consello cesarán por algunha das causas seguintes:

a) Por renuncia expresa.

b) Por expiración do prazo do seu mandato.

c) Por declaración de incapacidade ou inhabilitación para o desempeño de cargo público por sentenza xudicial firme.

d) En caso dos e das membros que o sexan por razón do seu cargo, cesarán cando perdan esa condición.

e) Por falecemento.

f) Por cesamento da Xunta de Goberno Local da Coruña a proposta das organizacións ou institucións que promoveron o nomeamento.

5.- A perda da condición de conselleiro/a terá efecto desde a data do nomeamento do/da seu/súa substituto/a.

6.- Toda vacante anticipada no cargo que non sexa por expiración do mandato será cuberta pola organización a quen corresponda a persoa titular da posto vacante, na mesma forma establecida

para a súa designación respectiva. O mandato do/da así nomeado/a expirará ao mesmo tempo que o dos/das restantes membros do Consello.

**Artigo 11. Dereitos dos e das membros do Consello**

1.-Os/as membros do Consello teñen os seguintes dereitos:

a) Solicitar a través da Presidencia do Consello e/ou da Secretaría os datos e documentos necesarios para o exercicio das súas funcións.

b) Acceder á documentación e solicitar a información dos temas de estudo que desenvolva o pleno, a Comisión permanente, as comisións das que forme parte e daqueloutras comisións do Consello que expresamente solicite.

c) Recibir documentación e información dos temas de estudo que desenvolvan as comisións de traballo nas que participe.

d) Emitir libremente o seu parecer sobre os asuntos sometidos a deliberación nos órganos e comisións de traballo en que participe.

e) Presentar mocións e suxestións para a adopción de acordos polo pleno ou para o seu estudo.

f) Ostentar, en cuantos actos fosen comisionados, polo Consello, a representación deste, sen prexuízo das atribucións que corresponden á Presidencia ou a Vicepresidencia.

g) Participar con voz e voto nas sesións do pleno e das comisións das que forma parte.

h) Asistir, sen dereito a voto, a calquera das comisións de traballo nas que non estean integrados/as, podendo facer uso da palabra, previa autorización do/a presidente/a da comisión.

i) Percibir as indemnizacións que por dedicación, representación e asistencia puidesen corresponderlles de acordo co disposto no artigo 49 deste regulamento e das disposicións internas que o desenvolvan.

2.- A condición de membro do Consello non será remunerada. Iso sen prexuízo das indemnizacións que por dedicación, representación e asistencia puidese corresponderlle a cada membro do Consello de acordo co disposto no artigo 49 deste regulamento.

**Artigo 12. Deberes dos e das membros do Consello**

1.- Son deberes dos/das membros do Consello:

a) Asistir ás sesións do pleno e das comisións para as que fosen designados.

b) Participar nas tarefas do cargo, e cumprir as instrucións que dite o pleno, ou por delegación deste, a Comisión permanente ou a súa Presidencia así como o cumprimento das normas de réxime interno que en desenvolvemento deste Regulamento dite o propio Consello, gardando sempre as normas de respecto, dignidade e decoro inherente a este órgano.

c) Gardar segredo das materias que expresamente sexan declaradas reservadas polos órganos do Consello.

2.- O Consello, a través da súa Secretaría, comunicará ás organizacións ou institucións designantes a incomparecencia en tres ou máis sesións, en calquera dos órganos que estivese integrado/a, sen que a xustificasen, a fin de que pola institución ou organización designante se proceda a adoptar as

medidas que estimen pertinentes para o bo funcionamento do Consello e en caso de persistir as devanditas incomparecencias, a Presidencia poderá, previa consulta á Comisión permanente, pedir ás organizacións de procedencia que consideren a oportunidade de propoñer a súa substitución.

**CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS DO CONSELLO**

**Artigo 13. Órganos do Consello**

1.-Son órganos colexiados do Consello

a) O pleno

b) A Comisión permanente

c) As comisións de traballo

2.- Son órganos unipersoais do Consello

a) A Presidencia

b) A Vicepresidencia

c) A Secretaría

**CAPÍTULO IV. DO PLENO**

**Artigo 14. Composición do pleno**

1.- O pleno do Consello é o órgano superior de decisión e formación da vontade do Consello e estará integrado pola totalidade dos e das membros do Consello, designados de conformidade co disposto neste regulamento.

**Artigo 15. Funcións do pleno**

1.-Son funcións do pleno:

a) A elección dunha Vicepresidencia entre os membros do Consello.

b) O nomeamento dos/as membros do pleno que deban formar parte da Comisión permanente, que terá un número máximo de once membros.

c) A creación das comisións de traballo que considere oportunas para a consecución dos seus obxectivos.

d) O nomeamento dos/as membros do pleno que deban formar parte das comisións de traballo así como os/as representantes de cada comisión.

e) A aprobación da proposta de revisión total ou parcial do regulamento de funcionamento.

f) A aprobación da Memoria anual do Consello Económico e Social.

g) Aprobar os informes e ditames elaborados pola Comisión permanente e, no seu caso, polas comisións de traballo que se constitúan, no exercicio das competencias atribuídas ao Consello Económico e Social da cidade da Coruña.

h) A elaboración do anteproxecto dos orzamentos do Consello.

i) Delegar as atribucións que considere oportunas en calquera dos outros órganos do Consello, salvo aquelas cuxo exercicio requira a adopción de acordos por maioría cualificada.

j) A adopción de cantas medidas estime necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente regulamento.

k) Aprobar instrucións internas de funcionamento do Consello que complementen o establecido no presente regulamento.

l) Cantas outras atribucións legalmente asígnenselle, así como as que non estean especificamente atribuídas a outros órganos do Consello.

**Artigo 16. Réxime de sesións do pleno**

a) As sesións do pleno poderán ser ordinarias, extraordinarias e urxentes.

b) O pleno do Consello reunirase en sesión ordinaria como mínimo unha vez ao ano.

c) Poderá reunirse en sesión extraordinaria a iniciativa da Presidencia, ou dun número de membros que representen un terzo do total, mediante escrito no que se especifiquen os asuntos que xustifiquen a convocatoria.

d) Excepcionalmente, a persoa que ocupa a Presidencia, por razóns de urxencia, poderá convocar sesións do pleno con este carácter.

e) As sesións do Consello non terán carácter público, sen prexuízo do disposto no artigo 8 deste regulamento.

f) Para a válida celebración das reunións do pleno do Consello requírese polo menos a metade dos/das seus/súas membros, sendo necesaria ademais a presenza das persoas que exerzan a Presidencia e a Secretaría, ou de quen lle substitúa, estando presentes cando menos un/unha representante por cada un dos grupos dos que se compón o Consello.

**Artigo 17. Convocatoria das reunións do pleno**

1.- A convocatoria das reunións correspóndelle á Presidencia do Consello e deberá efectuarse a cada un dos/as seus/súas membros con polo menos 30 días naturais de antelación para as sesións ordinarias, de 10 días naturais para as extraordinarias e de 48 horas para as urxentes.

2.- Na convocatoria, que cursará a oficina de apoio á Secretaría do Consello mediante correo electrónico, deberá constar a orde do día da sesión e acompañarase a documentación específica sobre os asuntos obxecto daquela sempre que sexa posible.

A citada documentación, desde o momento da remisión, estará obrigatoriamente na sede social do Consello, custodiada pola Secretaría do Consello e ao dispor dos membros do Consello, cunha antelación mínima de cinco días naturais, salvo nas urxentes.

No caso de que por razóns sanitarias ou doutra índole a reunión do Consello non puidese ser presencial, na convocatoria sinalarase, o sistema de conexión, e no seu caso, os lugares en que estean dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión.

3.- A orde do día será fixada pola Presidencia. En todo caso, incluiranse todas aquelas cuestións propostas por un terzo, polo menos, dos/das membros do Consello.

4.- Cando as sesións sexan convocadas a iniciativa dos/das membros do Consello, as persoas solicitantes propoñerán os asuntos que haxan de ser incluídos na orde do día.

5.- Nas sesións ordinarias poderá ser obxecto de deliberación ou decisión calquera asunto non incluído na orde do día que así se acorde por unanimidade de todos/as os/as membros do Consello presentes na sesión.

**Artigo 18. Réxime de adopción de acordos**

1.- Os acordos do pleno do Consello adoptaranse por maioría absoluta das persoas asistentes dirimindo os empates a persoa que ocupe a Presidencia co seu voto de calidade.

2.- O voto dos/das membros do pleno, tanto o das persoas titulares como no seu caso das suplencias reguladas neste regulamento, será persoal e non delegable. Exceptúase deste réxime a quen fose designados/as atendendo ao seu recoñecido prestixio social, quen en caso de non poder asistir poderán delegar o seu voto para cada sesión noutro membro do Consello.

3.- Os acordos poderán adoptarse por asentimento unánime, ou por votación mediante as seguintes fórmulas:

- Voto a man alzada.

- Chamamento público, no que cada membro manifeste oralmente a súa aprobación, desaprobación ou abstención.

- Voto segredo cando así o solicite calquera membro do Consello.

4.- Os acordos serán executivos desde o momento en que se adopten.

**Artigo 19. Carácter público dos acordos**

Os acordos do pleno do Consello serán públicos.

**Artigo 20. Sesión constitutiva**

A orde do día da sesión constitutiva conterá unicamente un punto da orde do día: Toma de posesión dos/das membros do Consello.

**Artigo 21. Primeira sesión do Consello**

1.- Tras a constitución do Consello, a Presidencia convocará a primeira sesión ordinaria do pleno, na que obrigatoriamente haberán de incluírse como puntos da orde do día a elección da Vicepresidencia e dos/das membros da Comisión permanente. A convocatoria será cursada pola Secretaría do Consello mediante correo electrónico.

2.- A elección da Vicepresidencia considerarase válida se recibe o voto da maioría simple dos/das membros do Consello.

3.- No referente á designación dos/das membros da Comisión permanente, cada un dos catro grupos comunicará ao/á presidente/a través da Secretaría do Consello, antes do comezo da sesión, unha proposta de dous candidatos. Esta entenderase aprobada polo pleno, se reciben o voto da maioría dos/das membros do Consello. As vacantes que puidesen producirse serán cubertas por outro/a conselleiro/a do mesmo grupo que quen orixine a vacante, previa proposta á Presidencia do Consello para a súa validación polo pleno.

**Artigo 22. Réxime das sesións do pleno**

1.- A Presidencia do pleno abrirá a sesión, dirixirá os debates e velará pola observancia do regulamento. Estará auxiliada pola Secretaría do Consello ou persoa en quen esta delegue.

2.- Ao comezo de cada sesión aprobarase, se procede, a acta da sesión que corresponda.

3.- Todos os asuntos debateranse e votaranse pola orde en que aparezan relacionados na orde do día.

4.- Non obstante o disposto no número anterior, a Presidencia terá a facultade de alterar a orde dos asuntos, ou retirar un punto cando resulte imposible pronunciarse sobre este.

**Artigo 23. Debates**

1.- Se se promove debate, as intervencións serán ordenadas pola Presidencia conforme ás seguintes regras:

- Só poderá facerse uso da palabra previa autorización da Presidencia.

- O debate iniciarase cunha exposición e xustificación da proposta, a cargo dalgún/a membro da comisión do Consello que a ditaminase ou, nos demais casos, dalgún/as dos/as membros do Consello que subscriban a proposición, en nome propio ou do colectivo ou órgano propoñente da mesma.

- A continuación, abrirase un debate xeral sobre o contido da proposta e os/as diversos/as vogais de cada grupo consumirán unha primeira quenda de intervención que non poderá exceder de cinco minutos. A Presidencia velará para que todas as intervencións teñan unha duración similar.

- Quen se considere aludido/a por unha intervención poderá solicitar da Presidencia que se conceda unha quenda por alusións, que será breve e concisa.

- Se o solicitase algún/a membro, pódese proceder a unha segunda quenda, que non poderá exceder de dous minutos. Consumido este, a Presidencia pode dar por terminada a discusión que se pechará cunha intervención do/a relator/a na que brevemente ratificará ou modificará a súa proposta.

- Non se admitirán outras interrupcións que as da Presidencia para chamar á orde ou á cuestión debatida.

- A Presidencia acordará o peche do debate, despois do cal, o uso da palabra só poderá concederse para as explicacións de voto despois de cada votación e dentro do tempo fixado pola Presidencia.

2.- As deliberacións, no seu caso, basearanse nos traballos da Comisión competente, que se presentarán ao pleno de conformidade co previsto neste regulamento.

3.- Concluído o debate, procederase á votación da proposta presentada e, no seu caso, das emendas á proposta.

4.- Cando algunha emenda sexa aprobada incluirase no texto, e a Presidencia do Consello, asistida da comisión correspondente ou do/a relator/a, poderá propoñer ao pleno as adaptacións necesarias para que o texto definitivo sexa coherente.

5.- O texto final será sometido a votación. En caso de non ser aprobado, a Presidencia mediante acordo do pleno, poderá remitilo á Comisión correspondente para un novo estudo, a efectos de que se debata na seguinte sesión plenaria.

6.- O pleno, a proposta da Presidencia, poderá acordar a suspensión da sesión, fixando o momento en que haxa de renovarse a mesma.

**Artigo 24. Votacións e adopción de acordos**

1.- Finalizado o debate dun asunto, procederase á súa votación.

2.- Antes de comezar a votación, a Presidencia exporá clara e concisamente os termos da mesma e a forma de emitir o voto.

3.- Unha vez iniciada a votación non pode interromperse por ningún motivo. Durante o desenvolvemento da votación a Presidencia non concederá o uso da palabra e ningún/a membro poderá entrar no salón ou abandonalo.

**Artigo 25. Votos particulares**

1.- Os/as conselleiros/as discrepantes, en todo ou en parte, do sentir da maioría poderán formular individual ou colectivamente votos particulares, que deberán quedar unidos ao acordo correspondente.

2.- Os votos particulares haberán de presentarse ante a Secretaría nun prazo máximo de 48 horas a contar desde o final da sesión.

**Artigo 26. Actas das sesións**

1.- De cada sesión redactarase unha acta pola Secretaría do Consello, que será remitida a cada conselleiro/a xunto coa convocatoria da sesión seguinte.

2.- A acta, na súa forma definitiva, será asinada polo/a secretario/a co visto e prace da Presidencia.

3.- Á mesma incorporaranse como anexos, cando sexa o caso, os seguintes documentos:

a) Unha relación das deliberacións relativas á elaboración dos estudos, informes e ditames, que conterá en particular o texto de todas as emendas e votos particulares sometidos a votación.

b) As propostas das Comisións correspondentes.

c) Calquera outro documento que o pleno estime indispensable para a comprensión dos debates.

**CAPÍTULO V. DA COMISIÓN PERMANENTE**

**Artigo 27. Composición**

1.- A Comisión permanente é o órgano ordinario de Goberno do Consello.

2.- A Comisión permanente estará integrada pola Presidencia do Consello ou persoa en quen delegue, a Secretaría Xeral, que o será á súa vez da mesma con voz pero sen voto, e dous/dúas vogais por cada un dos grupos representados no pleno, designados/as separadamente por este á proposta de cada grupo.

3.- A Comisión permanente renovarase, con carácter global, periodicamente, coincidindo coa renovación dos/das membros do Consello, sen prexuízo da designación de novos/as membros para suplir as posibles vacantes, que puidesen producirse.

4.- Ante a ausencia das persoas que teñan a titularidade, os grupos poderán designar os/as correspondentes suplentes na Comisión permanente, sempre entre conselleiros e conselleiras do mesmo grupo.

5.- Á proposta dos grupos, a Comisión permanente poderá acordar a asistencia de persoas asesoras ás súas reunións nos casos que estime oportuno.

**Artigo 28. Funcións**

Son funcións da Comisión permanente as seguintes:

a) Velar polo cumprimento dos acordos do pleno do Consello.

b) Preparar os informes previos aos asuntos que haberán de ser tratados no pleno.

c) Coñecer a documentación, informes e estudos necesarios para o mellor coñecemento polos/as membros do Consello dos temas que se vaian a tratar no pleno.

d) Propoñer, no seu caso, a data e a orde do día das sesións do pleno.

e) Elaborar a proposta de Memoria anual do Consello e elevala ao pleno do Consello para a súa aprobación, dentro dos tres primeiros meses de cada ano.

f) Coordinar o traballo das comisións de traballo.

g) Valorar o seguimento da efectividade dos ditames, acordos e informes emitidos polo Consello, informando diso ao pleno, polo menos, unha vez ao ano.

h) Estudar, tramitar e resolver cantas cuestións lle sexan encomendadas polo pleno do Consello.

i) Decidir a tramitación e distribución das consultas, demandas e propostas formuladas ao Consello, de acordo co previsto neste regulamento.

j) Asistir á Presidencia no desenvolvemento da súa actividade.

k) Aquelas que expresamente lle sexan encomendadas neste regulamento.

l) Aprobar as actas do pleno por delegación expresa do mesmo, as cales serán ratificadas na seguinte reunión do pleno como primeiro punto da orde do día.

m) Aprobar a proposta inicial do anteproxecto do Orzamento do Consello que lle presente a Presidencia como trámite previo para a súa elevación e aprobación polo pleno, así como coñecer e avaliar a execución do mesmo e a súa liquidación.

n) Supervisar as actividades do Consello, fixar o seu calendario e coordinar os traballos dos distintos órganos colexiados.

o) Elaborar a proposta de revisión total ou parcial do regulamento que regula o Consello.

p) Calquera outras que, sendo propias do pleno do Consello, lle sexan delegadas por acordo do mesmo, fóra das indelegables por imperativo legal.

**Artigo 29. Réxime de reunións**

1.- A Comisión permanente reunirase en sesión ordinaria unha vez cada tres meses, podendo ser convocada extraordinariamente cantas veces fose necesario.

2.- As sesións da Comisión permanente serán convocadas pola Presidencia e cursadas pola Secretaría, con 30 días naturais de antelación, e se fosen extraordinarias, polo menos con dez días naturais de antelación. Ao correo da convocatoria acompañarase, se é posible, a documentación relativa á orde do día, que en calquera caso estará custodiada pola Secretaría na sede social do Consello ao dispor de todos/as os/as membros do Consello.

3.- A Comisión permanente, reunida en sesión ordinaria ou extraordinaria constituirase validamente cando estean presentes a metade dos/as seus/súas membros e en todo caso a Presidencia e a Secretaría ou persoas que substitúan a estas últimas. A Presidencia na Comisión permanente poderá ser substituída pola Vicecrepresidencia ou outro/a membro do Consello en quen delegue.

**Artigo 30. Adopción de acordos na Comisión permanente**

1.- Os acordos da Comisión permanente serán adoptados por maioría das persoas asistentes.

2.- De cada sesión a Secretaría do Consello levantará acta, que será aprobada na mesma reunión ou na seguinte como primeiro punto da orde do día.

3.- O voto dos membros da Comisión Permanente será persoal e non delegable sen prexuízo do disposto para as substitucións.

4.- Os acordos serán executivos desde o mesmo momento da súa adopción.

**CAPÍTULOS VI. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DO CONSELLO**

**Artigo 31. A Presidencia**

1.- A persoa que ocupa a Presidencia do Consello Económico e Social será a persoa titular da Alcaldía da Coruña ou persoa en quen esta delegue.

2.- O mandato da Presidencia será de catro anos, que comezará a computarse desde o día seguinte ao do nomeamento por parte do pleno do Concello da Coruña.

**Artigo 32. Funcións da Presidencia**

Son funcións da Presidencia:

a) Asumir a representación do Consello.

b) Convocar as sesións do pleno e da Comisión permanente, presidilas e moderar o desenvolvemento dos seus debates.

c) Formular a orde do día das reunións do pleno e da Comisión permanente.

d) Ordenar a publicación dos acordos do Consello, dispoñer o seu cumprimento e visar as actas.

e) Resolver calquera asunto que, polo seu carácter urxente e inaprazable, así o aconselle, sen prexuízo de dar posteriormente conta na próxima sesión que celebre o pleno ou a Comisión permanente.

f) Dirixir, promover e coordinar a actuación do Consello Económico e Social da cidade.

g) Dirimir os empates que se produzan nas votacións co seu voto de calidade.

h) Solicitar, en nome do Consello, a colaboración que estime pertinente a institucións, autoridades, organismos, entidades, asociacións e particulares.

i) Requirir, en nome do Consello, información complementaria sobre os asuntos que, con carácter preceptivo ou facultativo, sométanselle a consulta, sempre que a dita información sexa necesaria para a emisión do ditame, informe ou estudo.

j) Aprobar a participación de persoas expertas nas diferentes comisións do Consello e nas sesións que celebre o Consello Económico e Social con relación aos temas para tratar.

k) Autorizar os gastos e ordenar os pagos que se realicen.

l) Comunicar ao pleno ao comezo das reunións as suplencias e substitucións que se produciron.

m) Cumprir e facer cumprir o regulamento, propoñendo ao pleno a súa interpretación nos casos de dúbidas e a súa integración nos de omisión.

n) Cantas outras se lle outorgan neste regulamento, sexan inherentes á súa condición de Presidencia ou ben que asuma por delegación dos demais órganos do Consello.

**Artigo 33. A Vicepresidencia e as súas funcións**

1.- O Consello terá unha Vicepresidencia, elixida polo pleno entre os/as membros do Consello.

2.- A Vicepresidencia do Consello asistirá á persoa que ocupe a Presidencia, no seu caso das comisións de traballo, e remitirá os acordos das mesmas á Presidencia do Consello.

3.-A Vicepresidencia exercerá as funcións que a Presidencia expresamente lle delegue.

4.- A Vicepresidencia será informada regularmente pola Presidencia sobre a dirección das actividades do Consello e prestaralle a súa colaboración en todos aqueles asuntos para os que sexa requirida.

**Artigo 34. Da Secretaría Xeral**

1.- A Secretaría Xeral é o órgano de asistencia técnica e administrativa do Consello. A persoa titular da Secretaría será a depositaria da fe pública dos acordos do mesmo.

2.- O/a secretario/a do Consello, e no seu caso o/a suplente, será un/unha funcionario/a municipal do Concello da Coruña, coa debida cualificación, nomeado/a e cesado/a libremente pola Alcaldía, á proposta do secretario xeral do Concello.

3.- A función da Secretaría non será remunerada, sen prexuízo do disposto neste regulamento no relativo ás indemnizacións por asistencia ás sesións.

4.- O/a secretario/a do Consello exercerá a dirección funcional, orgánica e xerárquica do órgano de apoio e coordinación técnica e do personal adscrito ao CES.

**Artigo 35. Funcións da Secretaría Xeral**

1. Son funcións do/a secretario/a:

a) Asistir, con voz e sen voto, ás sesións do pleno e da Comisión permanente e das comisións de traballo.

b) Redactar as ordes do día, someténdoas á Presidencia.

c) Estender as actas das sesións, autorizalas coa súa firma e o visto e prace da Presidencia e dar o curso correspondente aos acordos que se adopten.

d) Arquivar e custodiar a documentación do Consello, poñéndoo ao dispor dos seus órganos e dos/as conselleiros/as cando lle for requirida.

e) Expedir certificacións das actas, acordos, ditames, votos particulares e outros documentos confiados á súa custodia co visto e prace da Presidencia.

f) Colaborar coa Presidencia na elaboración do anteproxecto inicial do Orzamento anual do Consello e preparar informacións periódicas sobre a execución do mesmo.

g) Dirixir a xestión dos medios persoais e materiais do Consello.

h) Despachar coa persoa que ocupe a Presidencia os asuntos ordinarios e aqueloutros que lle sexan encargados a este.

i) Notificar as convocatorias das sesións aos/ás membros do Consello por orde da Presidencia.

j) Deixar constancia mediante dilixencia autenticada coa súa firma e a da Presidencia ou Vicepresidencia, no seu caso, da non celebración das sesións convocadas regulamentariamente e das causas que a motiva e do nome das persoas presentes.

k) Dirixir o órgano de apoio técnico á Secretaría Xeral.

l) Prestar o asesoramento xurídico ao Consello sobre a legalidade dos acordos adoptados.

m) As demais que lle sexan encomendadas polo pleno, a Comisión permanente ou a Presidencia do Consello.

**Artigo 36. Órgano de apoio e coordinación técnica**

1.- Prevese a habilitación dunha Oficina de apoio e coordinación, ou órgano de funcións equivalentes, que ofrecerá soporte técnico e administrativo ao Consello, actuando especificamente como órgano de apoio técnico á  Secretaria Xeral.

2.- O Concello da Coruña dotará á devandita oficina, cando se habilite, dos medios económicos adecuados para o cumprimento das súas funcións, mediante os recursos económicos, que no seu caso, se consignen no Orzamento da corporación municipal do Concello da Coruña.

3.- O responsable da Oficina ou órgano de apoio técnico, actuará como titular do órgano de apoio técnico á  Secretaría Xeral e aos órganos unipersonais e colexiados do Consello Económico e Social.

4.- A Oficina colaborará, entre outros, coa Secretaría Xeral, na elaboración da Memoria anual que será aprobada polo pleno do Consello.

**Artigo 37. As comisións de traballo**

1.- As comisións de traballo son grupos de estudo para a elaboración de informes, ditames ou propostas para o seu sometemento ao pleno en materias propias da competencia do Consello e poderán ter carácter permanente ou temporal.

2.- No caso de que teñan carácter permanente, no acordo de creación poderán fixarse os prazos nos que se procederá á renovación periódica dos/as seus/súas membros.

**Artigo 38. Composición das comisións de traballo**

1.-O pleno do Consello poderá constituír as comisións de traballo que estime oportunas, determinando a súa composición e se serán permanentes ou temporais.

2.- As comisións de traballo estarán integradas por un mínimo de catro membros do pleno, respectando no posible a representación proporcional dos grupos recollida neste regulamento.

3.- Poderán asistir ás comisións de traballo as persoas técnicas, asesoras e especialistas que decida o pleno ou, no seu caso, a Comisión permanente.

**Artigo 39. Organización interna das comisións de traballo**

1.- Os/as membros das comisións, os/as seus/súas suplentes e os/as seus/súas respectivos/as presidentes/as, vicepresidente/a serán designados polo pleno do Consello.

2.- A Presidencia da comisión deberá organizar e dirixir as actividades da mesma, presidir as sesións, ordenar e moderar os debates e trasladar as propostas correspondentes.

3.- O/a vicepresidente terá as funcións que lle delegue o/a presidente/a da Comisión e substituirao en caso de ausencia.

4.- A Secretaría da comisión será o/a secretario/a do Consello ou persoa en quen este delegue da Oficina Técnica do Consello.

5.- A Secretaría da comisión, co apoio da Oficina Técnica do Consello, terá as seguintes funcións:

a) Convocará por escrito por orde da Presidencia do Consello, as reunións da comisión.

b) Preparará e remitirá a documentación pertinente aos/ás membros que formen parte da comisión de traballo.

c) Levantará as actas das reunións da comisión.

d) Calquera outra que lle asigne a Presidencia da Comisión.

**Artigo 40. Informes, estudos e ditames da comisión de traballo**

Concluídos os informes, estudos e ditames, a Presidencia da comisión de traballo trasladaraos á persoa que ocupe a Presidencia do Consello para os efectos oportunos.

## TÍTULO IV. DO PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DOS DITAMES, ESTUDOS E INFORMES

**Artigo 41. Competencia**

1.- A elaboración dun ditame, informe ou estudo en materias competencia do Consello poderá ser solicitada:

a) Por propia iniciativa da Presidencia.

b) Por acordo do pleno.

c) Pola Comisión permanente.

**Artigo 42. Dos ditames**

1.- Con carácter ordinario os pareceres do pleno do Consello expresaranse baixo a denominación de "Ditame do Consello Económico e Social da Cidade da Coruña".

2.- Os ditames documentaranse por separado, distinguíndose os antecedentes, a valoración efectuada e as conclusións, coa firma do/a secretario/a e co visto e prace do/a presidente/a do Consello. Aos devanditos ditames acompañaranse necesariamente os votos particulares, se os houber.

3.- Emitido o ditame, darase comunicación do mesmo á persoa solicitante.

**Artigo 43. Información**

1.- Para a emisión de informes, estudos e ditames o Consello poderá dispoñer da información e documentación que servise de base para a elaboración das normas que lle someteran a informe, estudo ou ditame.

2.- As solicitudes de información e de documentación realizaranse pola Presidencia do Consello ou persoa en quen delegue do Consello.

3.- Entenderase que a documentación remitida ao Consello é incompleta cando na copia do expediente remitida non conste a totalidade dos documentos que obran no expediente para aprobar polo pleno do Consello. Neste caso a Presidencia ou persoa en quen delegue do Consello solicitará ao órgano competente que complete o expediente, interrompéndose o prazo previsto para a emisión do informe, estudo ou ditame, ata que se cumprimente tal solicitude, sen o que non se entenderá efectuado o trámite de consulta.

**Artigo 44. Procedemento ordinario de tramitación de ditames, informes e estudos**

1.- Recibida no Consello a solicitude de ditame, estudo ou informe e a documentación correspondente, a Comisión permanente, ou no seu caso a Presidencia, dará traslado da solicitude á comisión de traballo correspondente. A Presidencia do Consello comunicará á Presidencia da comisión de traballo o obxecto das súas deliberacións, o/a membro da comisión designado como relator/a, así como o prazo dentro do cal terá que concluír os seus labores.

2.- Do acordo de remisión a unha comisión de traballo darase traslado, mediante a Secretaría do Consello, a todos/as os/as membros do Consello, dando a estes un prazo para que formulen as alegacións que estimen oportunas.

3.- Transcorrido o prazo sinalado no punto anterior, o/a relator/a nun prazo de 15 días hábiles deberá presentar unha proposta de acordo á comisión de traballo.

4.- Na medida en que sexa indispensable para os traballos, cada comisión de traballo poderá solicitar á Comisión permanente que autorice ao/á relator/a para que, en relación con temas concretos, poida solicitar o asesoramento de persoas especialistas alleas ao Consello.

5.- O resultado dos traballos da comisión, xunto coas alegacións, os votos particulares e os informes previos ou complementarios será entregado á Presidencia do Consello para a súa inclusión na orde do día da seguinte sesión do pleno ou da Comisión permanente. Nesta sesión, o/a relator/a ou na súa falta a Presidencia da comisión de traballo exporá o acordo da mesma podendo intervir os/as autores/as dos votos particulares.

6.- A Presidencia do Consello, previo acordo da Comisión permanente, poderá pedir á comisión de traballo un novo exame se considera que non se alcanzou o grao de consenso necesario, non se respectaron as disposicións deste regulamento ou se se estima necesario un estudo complementario.

**Artigo 45. Presentación de emendas**

1.- Todos/as os/as membros do Consello poderán presentar emendas individual ou colectivamente nas comisións das que formen parte ou no pleno.

2.- As emendas que se presenten para a súa deliberación no pleno formularanse conforme ao seguinte procedemento:

a) Poderán presentarse ata 48 horas antes do inicio da sesión e deberán ser formuladas por escrito e asinadas polas persoas autoras.

b) Irán acompañadas dunha exposición de motivos sucinta, indicando se son á totalidade ou parciais, e neste último caso, se son de supresión, modificación ou adición, así como a que parte do texto da proposta se refire. As emendas á totalidade deberán incluír un texto alternativo.

**Artigo 46. Deliberacións no pleno**

As deliberacións no pleno do Consello dos ditames, informes e estudos rexeranse polo disposto no artigo 23 deste regulamento.

## TITULO V. XESTIÓN ECONÓMICA E REGULACIÓN SUPLETORIA

**Artigo 47. Suficiencia de medios e autonomía de xestión**

1.- O Concello da Coruña garantirá que o Consello dispoña dos medios materiais e persoais suficientes para o exercicio adecuado e autónomo das súas funcións.

2.- O Consello contará cunha dotación orzamentaria anual suficiente. A fin de garantir a autonomía de funcionamento do Consello, a autorización do gasto para a totalidade das partidas orzamentarias asignadas ao Consello correspóndelle á Área de Economía ou área á que designe a Presidencia da corporación.

**Artigo 48. Recursos**

1.- O Consello Económico e Social dispón dos seguintes recursos:

a) As consignacións orzamentarias anuais que lle asigne o Concello da Coruña para o exercicio das súas funcións.

b) As subvencións e achegas da Unión Europea, outros organismos internacionais, Estado, Comunidade Autónoma, corporacións públicas e de entidades privadas que se reciban a través do Concello da Coruña.

c) As demais que poidan serlle atribuídos conforme a Dereito.

2.- A fin de elaborar a proposta de orzamento, a/o alcaldesa/alcalde do Concello da Coruña, ou a área que teña encargada a competencia en materia de elaboración do Orzamento, comunicará no mes de setembro de cada anualidade a contía total de recursos que prevé asignar ao Consello no proxecto de Orzamento da corporación para o exercicio seguinte. O Consello, de forma autónoma, proporá a distribución dos devanditos recursos. O pleno do Consello aprobará o Anteproxecto de Orzamento do Consello Económico e Social e o mesmo será incorporado no proxecto de Orzamento da corporación.

**Artigo 49. Indemnizacións por asistencia ás sesións que se fixen**

1.-O pleno do Consello, ao comezo de cada mandato corporativo ou con motivo da súa renovación, poderá determinar indemnizacións por dedicación, representación e/ou asistencia ás sesións de todos os órganos do Consello.

2.- Os conceptos indemnizables e a contía das devanditas asignacións determinarase anualmente mediante acordo adoptado pola Comisión permanente e ratificado polo pleno do Consello, en base ao crédito global anual consignado para estes efectos dentro do programa orzamentario do Consello Económico e Social da Coruña.

## TÍTULO VI. MEDIOS TELEMÁTICOS

### Artigo 50. Sesións a distancia e por medios telemáticos

1.- De conformidade co disposto no artigo 17, apartado segundo, deste regulamento, o pleno, a Comisión permanente e as comisións de traballo por razóns sanitarias ou doutra índole, poderán celebrar sesións e adoptar acordos a distancia e por medios telemáticos. Nas sesións que se celebren a distancia, cada membro do órgano poderá atoparse en distintos lugares a condición de que se asegure por medios electrónicos a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

Entre outros se considerarán medios electrónicos válidos as audioconferencias e as videoconferencias ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan a seguridade electrónica, a efectiva participación de todos os membros do órgano, a validez do debate e da votación dos acordos que se adopten.

## TITULO VII. REFORMA E DISOLUCIÓN

### Artigo 51. Modificación

Este regulamento poderá ser modificado ou reformado total ou parcialmente á proposta da Presidencia, da Comisión permanente ou á instancia dun terzo dos/das membros do pleno, por acordo, polo menos, de dous terzos da totalidade dos/das membros do pleno do Consello. Unha vez aprobada a proposta de modificación polo pleno do Consello Económico e Social, esta deberá ser elevada ao pleno da corporación municipal da Coruña para a súa aprobación.

### Artigo 52. Disolución

A disolución do Consello só poderá acordarse polo pleno do Concello da Coruña mediante acordo motivado. En todo caso, deberase consultar previamente ao pleno do Consello.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Todo aquilo que non se atope recollido neste regulamento relativo ao funcionamento do CES e dos seus órganos rexerase, en primeiro lugar, pola lexislación básica en materia de réxime local, en especial pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; así como polo Regulamento Orgánico Municipal. Supletoriamente, rexerase pola lexislación básica en materia de procedemento administrativo e réxime xurídico do sector público, sinaladamente pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Dentro do prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste regulamento realizarase a sesión plenaria constitutiva do Consello. Para ese efecto, a Alcaldía/Presidencia procederá a cursar as invitacións correspondentes dentro do prazo máximo dun mes desde a súa entrada en vigor.

## DISPOSICIÓN FINAL

De conformidade co disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a publicación e entrada en vigor deste regulamento producirase da seguinte forma:

-O Concello da Coruña comunicará o acordo de aprobación definitiva deste regulamento á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia, en virtude do artigo 65.2, que establece a obriga das entidades locais de remitir ás administracións mencionadas copia ou extracto dos actos e acordos que adopten.

-O acordo adoptado publicarase no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2. Así, o Regulamento Orgánico do Consello Económico e Social da Cidade da Coruña, tras a súa aprobación definitiva e o envío do acordo ás administracións estatal e autonómica, publicarase no BOP e no Portal municipal de transparencia, entrando en vigor ao día seguinte da publicación do texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia.

## DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derrogados os artigos 17, 18, 19, 20 e 21 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello da Coruña, aprobado en pleno municipal o 02.11.2004 e publicado no BOP o 13.12.2004, en canto se opoñan ao establecido neste regulamento.

# Anexo

## ORDENANZA REGULADORA DAS ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN PARA MELLORA ENERXÉTICA DOS EDIFICIOS DA CORUÑA

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As intervencións nos edificios destinadas a mellorar a súa eficiencia enerxética modifican a estética destes, polo que producen un gran impacto na imaxe urbana da cidade.

As axudas públicas incentivan a dotar aos edificios da tecnoloxía axeitada que permita incrementar dita eficacia enerxética dos edificios de xeito que, se actualmente o número de intervencións esténdese á práctica totalidade da cidade e malia que se acada un meirande confort nas vivendas, tamén o uso das tecnoloxías dos sistemas SITE de xeito regular, uniforme e sen considerar as calidades dos edificios produce a uniformidade destes e pon en risco a calidade arquitectónica da cidade e a percepción dos distintos contornos ou espazos, que impiden distinguir as características propias de cada época ou do tecido urbano.

Neste senso, o documento de *Integración das actuacións de rehabilitación enerxética na Paisaxe Urbana de A Coruña*, que serve de base para a presente ordenanza recolle, no seu anexo, que a mellora da eficiencia enerxética en todos os sectores é un obxectivo indiscutible no actual contexto de crise climática.

Canalizar os fondos necesarios para fomentar as accións destinadas a mellorar as envolventes dos edificios é unha das estratexias máis eficaces para conseguir ese fin. Non en tanto, os resultados de experiencias rehabilitadoras permiten identificar o problema que afecta á calidade da paisaxe urbana e, sobre todo, ao carácter e identidade dos barrios da cidade. Nomeadamente, a tendencia unificadora na aplicación indiscriminada de solucións construtivas xenéricas, que non responden ás características da edificación intervida nin do seu entorno.

O baleiro legal descrito no parágrafo anterior, derivado dunha normativa pensada para a nova construción, levou a que prevalezan os sistemas e recomendacións das casas comerciais, e na que a decisión final sobre a estética da envolvente sexa das Comunidades de propietarios. Ante a falta de catalogación oficial dos edificios, non existen pautas para inserir os criterios que velen polo interese xeral de conservación do tecido arquitectónico da cidade, que piden seren acordadas polas administracións públicas.

As diversas investigacións e traballos de expertos nesta materia fanse eco destas preocupacións nos últimos meses, deixando constancia das visións sinaladas, ou inserindo conceptos como a "tematización das cidades" como o proceso de transformación no que os edificios rehabilitados resultan case idénticos, de xeito que se desvirtúa a "patrimonialización afectiva" da cidadanía co seu entorno construído. Tal e como recolle un destes artigos: "os edificios tamén son quen de contar a historia dun lugar". A caracterización tipolóxica é unha das bases da análise urbana desde

os anos 60, que permiten clasificar os distintos períodos da cidade en base aos seus atributos comúns.

Mediante a presente ordenanza búscase evitar unha banalización, por tanto, da nosa paisaxe urbana. Non se trata de conxelar ou converter a cidade en museo; a evolución e o cambio é parte esencial da historia urbana, que se foi adaptando ás necesidades de cada época, como espello das prioridades culturais e políticas dese momento. Actualmente, a loita contra o cambio climático é a principal prioridade e a cidade se adaptará a esa necesidade. O que é necesario é dirixir e planificar esa adaptación de modo que se mitiguen os efectos adversos que poida levar asociados.

Por outra parte, a explosión destas intervencións, posterior á aprobación do Plan Especial da Cidade Vella e Pescadería, xerou unha indefinición sobre aquelas intervencións que poidan ser autorizables no ámbito histórico e cales non; indefinición que a Comisión Asesora ditaminou pero que é necesario trasladalo á presente ordenanza como documento regulador.

Con estas finalidades exporse un texto no que se establecen diferentes intervencións autorizables segundo o ámbito da cidade na que se encontra o edificio, así como se o edificio está catalogado ou non.

Faise tamén especial fincapé na presente ordenanza nos conxuntos urbanos, en aquelas pezas da cidade cunha imaxe homoxénea que deben manter esa imaxe común y para as que se expón a necesidade de presentar unha solución única, aínda que poida tramitarse a licencia de forma independente por portais. Coa finalidade de evitar que algunha comunidade poida quedar atascada neste procedemento autorizarase, en todo caso, unha intervención que manteña a imaxe, materiais, acabados e colores existentes, impoñendo o propio Concello este condicionante ás licencias posteriores.

Tampouco queremos coartar as intervencións máis profundas que permitan dotar aos edificios non só dunha mellor eficiencia enerxética senón tamén de mellores condicións de ventilación e de habitabilidade; é por isto que a presente ordenanza establece cauces para ditas intervencións.

## I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

### Art. 1. Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é regular as condicións que se deben observar para intervir nas fachadas e cubertas dos edificios ao implantar os sistemas destinados a incrementar a súa eficiencia enerxética, así coma a implantación de instalacións vinculadas coa mellora da eficiencia enerxética en fachadas e cubertas dos edificios.

### Art. 2. Ámbito.

O ámbito de aplicación das normas contidas nesta Ordenanza é o termo municipal. Para a determinación dos diferentes niveis de intervención permitidos, dividirase o termo municipal en

ámbito do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería (norma zonal 0 do Plan Xeral de Ordenación) e restantes ámbitos do Plan Xeral.

**Art. 3. Clasificación.**

Os requisitos que se establecen para intervir nos edificios clasifícanse, por tanto, en función do ámbito de actuación Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería (norma zonal 0 do Plan Xeral de Ordenación) e restantes ámbitos do Plan Xeral e do nivel de protección dos edificios ou das súas contornas:

- Edificios catalogados dentro do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.
- Edificios non catalogados dentro do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.
- Edificios catalogados nas diferentes normas zonais do Plan Xeral de Ordenación Municipal (agás norma zonal 0) ou situados en contornas de protección e no ámbito do Camiño Inglés a Santiago.
- Edificios non catalogados nas diferentes normas zonais do Plan Xeral de Ordenación Municipal (agás norma zonal 0) .

## II. CONDICIÓNS DE INTERVENCIÓN

**Art. 4. En edificios catalogados dentro do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.**

En edificios catalogados ou que conteñan algún tipo de elemento protexido nas súas fachadas establécense as seguintes condicións:

1. Con carácter xeral, non se permite instalar medidas ou sistemas de illamento exterior nas fachadas dos edificios.
2. Excepcionalmente, autorizarase a implantación destes sistemas de illamento nas seguintes situacións:
   - Muros medianeiros que carezan de elementos característicos de interese arquitectónico ou cultural.
   - Fachadas traseiras dos edificios ou fachadas a patios interiores ou de mazá, sempre que carezan de elementos característicos de interese arquitectónico ou cultural.
3. A implantación de medidas de mellora de eficiencia enerxética nas cubertas existentes deberá realizarse na cara interior das mesmas, sempre que non afecte á percepción de elementos estruturais de interese patrimonial. Neste caso, previa autorización da Comisión Asesora do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería, pode autorizarse pola cara exterior da estrutura da cuberta sempre que se xustifique que

o incremento de volume non afecta a imaxe urbana do edificio, e situando sobre o illamento os materiais de cubrición autorizados polo Plan Especial.

4. A implantación de instalacións vencelladas coa mellora da eficiencia enerxética do edificio (bombas de calor, sistemas de refrixeración alternativos ou elementos similares) non poderá realizarse nas fachadas exteriores dos edificios, debendo instalarse preferentemente no interior dos edificios. No caso de precisar facerse nas fachadas traseiras, sobre patios interiores ou nas cubertas, deberá xustificarse que non afecta á imaxe urbana do edificio ou da contorna e deberá contar con autorización da Comisión Asesora do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería. No caso de intervención xeral nun edificio, as instalacións preexistentes deberán adaptarse á presente ordenanza, eliminando aquelas que sexan desconformes coa mesma.
5. Os paneis solares non poderán instalarse de forma individualizada nos edificios situados no ámbito BIC do Conxunto Histórico e na contorna de respecto BIC. Poderá autorizarse a implantación de comunidades enerxéticas ou sistemas de autoconsumo colectivo en edificios dotacionais públicos ou privados, previa autorización da Comisión Asesora do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.
6. Fora do ámbito BIC do Conxunto Histórico e da contorna de respecto BIC poderán instalarse paneis solares coplanares con respecto a cuberta do edificio, xustificando que non afecta á imaxe urbana do edificio ou da contorna, e previa autorización da Comisión Asesora do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería

**Art. 5. En edificios non catalogados dentro do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.**

1. Con carácter xeral permítese mellorar o illamento e a eficacia enerxética das fachadas dos edificios cos sistemas e medios dispoñibles no mercado, sempre que se cumpran as seguintes condicións:
   - Manterase a composición e, preferentemente, o cromatismo existente na fachada. No caso de realizarse unha proposta que non manteña o cromatismo existente deberá autorizarse pola Comisión Asesora do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.
   - A solución cromática terá que ter en conta as determinacións do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería no que respecta ás cores autorizadas.
   - Nas fachadas dos edificios nos que existan distintos materiais e texturas, estas deberán percibirse coa nova solución de illamento.
   - Os edificios deberán manterse e, nomeadamente, os ritmos, despeces e os elementos volumétricos da fachada. Malia o indicado anteriormente, no marco dunha intervención xeral de mellora da eficiencia enerxética en edificios sen caracteres determinantes nas súas fachadas, poderá procederse á modificación das características

da fachada existente, de acordo cun proxecto que garanta un resultado de mellora do conxunto arquitectónico e da súa relación cos edificios colindantes, previo ditame favorable da Comisión Asesora do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.

- Aqueles edificios nos que a posición das carpinterías das ventás sexa un elemento definitorio da estética da fachada, deberán conservarse nesa mesma posición. Cando se presente un proxecto de mellora xeral da eficiencia enerxética das fachadas do edificio deberá presentarse unha proposta de novas carpinterías, que será vinculante unha vez autorizada, con independencia de que se execute parcialmente por parte de cada vivenda a posteriori e non na devandita licencia.
- Nas plantas baixas dos edificios só se permitirá a implantación de sistemas de illamento exterior se se realiza nun proxecto unitario co conxunto da fachada do edificio, ou se se reproduce o xa implantado na fachada. Deberá xustificarse que non afecta á accesibilidade da beirarrúa na que se sitúa o edificio.
- Os edificios con estrutura metálica ou de formigón vista deberán mantela vista, mantendo a expresividade do proxecto arquitectónico orixinal.
- As fachadas dos edificios resoltas con elementos pétreos, cerámicos ou con sistemas de paneis prefabricados, que formen parte característica do proxecto arquitectónico orixinal, deberán reproducirse. Poderán reinterpretarse con outros materiais, previo ditame favorable da Comisión Asesora do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.
- Os edificios que xa conten na súa composición con fachadas ventiladas, muros cortina ou sistemas lixeiros, deberán mantelos e realizar a intervención de illamento con sistemas análogos que permitan manter a imaxe urbana preexistente.
- As medianeiras dos edificios que queden visibles desde o espazo público, especialmente as de singular altura, deberán tratarse como unha fachada máis, de forma unitaria, cunha composición unitaria co resto do edificio.
- En edificios que conformen conxuntos con proxecto ou composición unitaria, ben en mazá cerrada ou noutros tipos de agrupacións de edificios, os proxectos de rehabilitación enerxética deberán responder cunha solución común para o conxunto destes. Malia o dito, poderán executarse dunha forma individualizada, sendo a unidade mínima que se esixirá para intervir a unidade rexistral ou inmoble con título constituído de propiedade horizontal ou, no seu defecto, a que resulte de aplicación conforme ao art. 2 da Lei de propiedade horizontal. Os proxectos deberán resolver a integración arquitectónica das fachadas a rehabilitar, en harmonía coas dos edificios sen rehabilitar lindeiros, para salvagardar a imaxe urbana.

2. No que respecta ás cubertas, as medidas de mellora de eficiencia enerxética nas cubertas existentes autorízanse sempre que se xustifique que o incremento de volume non afecta á imaxe urbana do edificio e situando sobre o illamento os materiais de cubrición autorizados polo Plan Especial.

3. No caso das instalacións de mellora de eficiencia enerxética:
   - A implantación de instalacións vinculadas a mellorar a eficiencia enerxética do edificio (bombas de calor, sistemas de refrixeración alternativos ou elementos similares) non poderá realizarse nas fachadas exteriores dos edificios, debendo instalarse preferentemente no interior dos edificios. No caso de precisar facerse nas fachadas traseiras, sobre patios interiores ou nas cubertas, deberá xustificarse que non afecta á imaxe urbana do edificio ou da contorna e deberá contar con autorización da Comisión Asesora do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.
   - No caso de intervención xeral nun edificio, as instalacións preexistentes deberán adaptarse á presente ordenanza, eliminando aquelas que sexan desconformes coa mesma.
   - Os paneis solares non poderán instalarse de forma individualizada nos edificios situados no ámbito BIC do Conxunto Histórico e na contorna de respecto BIC. Poderá autorizarse a implantación de comunidades enerxéticas ou sistemas de autoconsumo colectivo en edificios dotacionais públicos ou privados, previa autorización da Comisión Asesora do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería.
   - Fora do ámbito BIC do Conxunto Histórico e da contorna de respecto BIC poderán instalarse paneis solares coplanares con respecto á cuberta do edificio, xustificando que non afecta á imaxe urbana do edificio ou da contorna, e previa autorización da Comisión Asesora do Plan Especial de Rehabilitación e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería

**Art. 6. En edificios catalogados nas diferentes normas zonais do Plan Xeral de Ordenación Municipal (agás norma zonal 0) ou situados en contornas de protección e no ámbito do Camiño Inglés a Santiago.**

En edificios catalogados ou que conten con algún tipo de elemento protexido nas súas fachadas, así coma os situados en contornas de protección e no ámbito do Camiño Inglés a Santiago, establécense as seguintes condicións:

1. Con carácter xeral, non se permite instalar medidas ou sistemas de illamento nas fachadas dos edificios.
2. Excepcionalmente, autorizarase a implantación destes sistemas de illamento nas seguintes situacións:
   - Muros medianeiros que carezan de elementos característicos de interese arquitectónico ou cultural.

– Fachadas traseiras dos edificios ou fachadas a patios interiores ou de mazá, sempre que carezan de elementos característicos de interese arquitectónico ou cultural.

3. En edificios que conformen conxuntos con proxecto ou composición unitaria, ben en mazá cerrada ou noutros tipos de agrupacións de edificios, os proxectos de rehabilitación enerxética deberán responder cunha solución común para o conxunto destes.

   Malia o dito, poderán executarse dunha forma individualizada, sendo a unidade mínima que se esixirá para intervir a unidade rexistral ou inmoble con título constituído de propiedade horizontal ou, no seu defecto, a que resulte de aplicación conforme ao art. 2 da Lei de propiedade horizontal. Os proxectos deberán resolver a integración arquitectónica das fachadas a rehabilitar, en harmonía coas dos edificios sen rehabilitar lindeiros, para salvagardar a imaxe urbana.
4. No que respecta as cubertas, as medidas de mellora de eficiencia enerxética nas cubertas existentes autorízanse, sempre que se xustifique, que o incremento de volume non afecta á imaxe urbana do edificio e previa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, ou órgano competente na protección do patrimonio cultural da Xunta de Galicia.
5. A implantación de instalacións vinculadas a mellorar a eficiencia enerxética do edificio, así coma de paneis solares, deberá xustificar que non afecta á imaxe urbana do edificio e da contorna, e deberá contar con previa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, ou órgano competente na protección do patrimonio cultural da Xunta de Galicia. No caso de intervención xeral nun edificio, as instalacións preexistentes deberán adaptarse á presente ordenanza, eliminando aquelas que sexan desconformes coa mesma.
6. As instalacións vinculadas a mellorar a eficiencia enerxética do edificio (bombas de calor, sistemas de refrixeración alternativos ou elementos similares) non poderán instalarse nas fachadas exteriores dos edificios.

**Art. 7. En edificios non catalogados nas diferentes normas zonais do Plan Xeral de Ordenación Municipal (agás norma zonal 0) .**

1. No que respecta ás fachadas dos edificios, con carácter xeral, permítese mellorar o illamento e a eficacia enerxética dos edificios cos sistemas e medios dispoñibles no mercado, sempre que se cumpran as seguintes condicións:
   – Manterase a composición e, preferentemente, o cromatismo existente na fachada. Naqueles edificios nos que a solución cromática sexa un elemento característico do proxecto orixinal do edificio, deberá manterse.
   – Nas fachadas dos edificios nos que existan distintos materiais e texturas, estas deberán percibirse coa nova solución de illamento.
   – Nos edificios deberán manterse, nomeadamente, os ritmos, despeces e os elementos volumétricos da fachada. Dentro dun proxecto xeral de mellora da eficiencia enerxética dun edificio permitirase a incorporación de elementos que, aínda que non existan previamente, poidan axudar á mellora enerxética do conxunto sempre que se executen integralmente e de forma coherente, tales como parasois, toldos, galerías, etc.

- Nos edificios nos que a rehabilitación enerxética está claramente condicionada pola escasa calidade arquitectónica dos mesmos (tamaño de ocos, composición da fachada, etc. ) poderá proxectarse unha rehabilitación que, ademais de mellorar as condicións enerxéticas, mellore tamén as de habitabilidade.
- Aqueles edificios nos que a posición das carpinterías das ventás sexa un elemento definitorio da estética da fachada, deberán conservarse nesa mesma posición. Cando se presente un proxecto de mellora xeral da eficiencia enerxética das fachadas do edificio deberá presentarse unha proposta de novas carpinterías, que será vinculante unha vez autorizada, con independencia de que se execute parcialmente por parte de cada vivenda a posteriori e non na devandita licencia.
- Nas plantas baixas dos edificios só se permitirá a implantación de sistemas de illamento exterior se se realiza nun proxecto unitario co conxunto da fachada do edificio, ou se se reproduce o xa implantado na fachada. Deberá xustificarse que non afecta á accesibilidade da beirarrúa na que se sitúa o edificio.
- Os edificios con estrutura metálica ou de formigón vista deberán mantela vista, mantendo a expresividade do proxecto arquitectónico orixinal.
- As fachadas dos edificios resoltas con elementos pétreos, cerámicos ou con sistemas de paneis prefabricados, que formen parte característica do proxecto arquitectónico orixinal, deberán reproducirse.
- Os edificios que xa conten na súa composición con fachadas ventiladas, muros cortina ou sistemas lixeiros, deberán mantelos e realizar a intervención de illamento con sistemas análogos que permitan manter a imaxe urbana preexistente.
- Nos edificios singulares recollidos na norma zonal 1 do PXOM, obxecto do estudo que se incorpora como Anexo I desta Ordenanza, as intervencións nas fachadas deberán axustarse ás condicións singulares recollidas para cada un deles nas fichas correspondentes, apartado 4.1 do Anexo I. As condicións singulares recollidas no citado apartado 4.1 do Anexo I teñen carácter normativo e vinculante.
- As medianeiras dos edificios que queden visibles desde o espazo público, especialmente as de singular altura, deberán tratarse como unha fachada máis, de forma unitaria, cunha composición unitaria co resto do edificio.
- En edificios que conformen conxuntos con proxecto ou composición unitaria, ben en mazá cerrada ou noutros tipos de agrupacións de edificios, os proxectos de rehabilitación enerxética deberán responder cunha solución común para o conxunto destes. Malia o dito, poderán executarse dunha forma individualizada, sendo a unidade mínima que se esixirá para intervir a unidade rexistral ou inmoble con título constituído de propiedade horizontal ou, no seu defecto, a que resulte de aplicación, conforme ao art. 2 da Lei de propiedade horizontal. Os proxectos deberán resolver a integración arquitectónica das fachadas a rehabilitar, en harmonía coas dos edificios sen rehabilitar lindeiros, para salvagardar a imaxe urbana.

2. No que respecta ás cubertas, as medidas de mellora de eficiencia enerxética nas cubertas existentes autorízanse sempre que se xustifique que o incremento de volume non afecta á imaxe urbana do edificio e previa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, ou órgano competente na protección do patrimonio cultural da Xunta de Galicia.
3. A implantación de instalacións vinculadas a mellorar a eficiencia enerxética do edificio, así coma de paneis solares, deberá xustificar que non afecta á imaxe urbana do edificio e da contorna. No caso de intervención xeral nun edificio, as instalacións preexistentes deberán adaptarse á presente ordenanza, eliminando aquelas que sexan desconformes coa mesma.
4. As instalacións vinculadas a mellorar a eficiencia enerxética do edificio (bombas de calor, sistemas de refrixeración alternativos ou elementos similares) non poderán instalarse nas fachadas exteriores dos edificios.

## III. DOCUMENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

### Art. 8. Documentación esencial.

Ás solicitudes de licencia ou aos formularios municipais de comunicación previa de obras deberán acompañarse as preceptivas autorizacións sectoriais (Dirección Xeral de Patrimonio, entre outras), o xustificante das taxas de tramitación, e o proxecto técnico firmado por técnico competente, que conterán as seguintes especificacións:

- Xustificación do cumprimento dos requisitos ou condicións de intervención que establece esta Ordenanza en cada unha das clasificacións.
- Concreción das cores, os acabados e os materiais que se prevén utilizar (Ral e definición cromática).
- Fotografías do inmoble onde se proxecta a mellora da eficiencia enerxética, de todas as súas fachadas, tanto interiores coma exteriores, así coma das medianeiras e da contorna urbana na que se integra.
- Incorporación do estudo da composición volumétrica e ritmo compositivo da fachada.
- Presentación do estudo que xustifique a integración da intervención no conxunto, para aqueles edificios que formen parte dun conxunto singular de carácter unitario, conxunto arquitectónico ou colonia singular.
- Integración dos planos de sección que detallen os elementos do sistema de illamento, con especial precisión do encontro coas carpinterías das ventás.
- Relación dos elementos auxiliares que se precisa dispoñer, en especial se se trata de grúas no ámbito da servidume do tráfico aéreo.
- Xustificación da redución da demanda enerxética de calefacción nun mínimo dun 30%, consonte ao establecido no Real Decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do solo e de rehabilitación urbana, e para os efectos da consideración do cómputo do volume engadido coa implantación do sistema previsto no

artigo 7 do anexo I do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aprobou o Regulamento que desenvolve a Lei 2/2016, do solo de Galicia, do 10 de febreiro.

- Xustificarase o cumprimento da reacción ao lume, segundo o previsto no CTE, DB-SI, parágrafos 2,4, 1.5,1.6.
- Nomeamento da dirección das obras e da coordinación de Seguridade e saúde.

No caso das intervencións de mellora da eficiencia enerxética das cubertas deberá aportarse:

- Xustificación do cumprimento dos requisitos ou condicións de intervención que establece esta Ordenanza en cada unha das clasificacións.
- Plano situación, plano de cuberta (planta e seccións) acoutado e pendentes, estado actual e reformado, plano de usos e superficies de zona baixo cuberta e detalles construtivos.
- Se se vai tramitar mediante comunicación previa, certificado técnico de estrutura actual e a adecuación e capacidade estrutural do existente para a nova cuberta, toda vez que non se pode modificar a estrutura.
- Se se vai tramitar mediante comunicación previa, xustificación da redución na demanda enerxética, así como a conveniencia ou necesidade da súa realización fora da envolvente existente, de xeito que se cumpra co establecido no Anexo I do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aprobou o Regulamento que desenvolve a Lei 2/2016, do solo de Galicia, do 10 de febreiro.
- Memoria xustificativa do cumprimento dos documentos básicos do CTE que sexan de aplicación e, especificamente, das seccións SÍ 2, HS 1 e HE 1.

## IV. PROCEDEMENTO

**Art. 9. Tramitación das solicitudes de licenzas e das comunicacións previas de obras que se presenten.**

1. Seguirase o procedemento previsto no artigo 143 e 146 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e os artigos 354 e seguintes, e 361 e seguintes do Decreto 143/2016, polo que se aprobou o Regulamento que desenvolve dita lei ou, no seu caso, o que se estableza en modificación dos anteriores, e na ordenanza municipal reguladora da súa tramitación.
2. A intervención en edificios catalogados require a obtención de licencia previa, consonte establece o artigo 142.2.b) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
3. As intervencións en edificios non catalogados que non conleven incrementos de volume nin outras obras que requiran proxecto arquitectónico, tramitaranse por comunicación previa de obras consonte o modelo municipal.

4. Nos edificios situados no ámbito do Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadería, PEPRI, a intervención nas fachadas para mellorar a eficiencia enerxética require do previo ditame da Comisión Asesora.
5. Nos edificios incluídos no catálogo do Plan Xeral, deberá acompañarse á solicitude a autorización preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio, ou órgano competente na protección do patrimonio cultural da Xunta de Galicia.
6. Xunto ás solicitudes das licencias ou acompañando ao modelo municipal de comunicación previa de obras, achegaranse as autorizacións sectoriais esixibles.
7. Se a intervención precisa de medios auxiliares para executar as obras no ámbito da servidume aeronáutica, coma no caso dos guindastres e similares, deberá achegarse a previa e preceptiva autorización da *Axencia Estatal de Seguridade Aérea*, AESA, polo que deberá entregarse debidamente cumprimentado o formulario da solicitude.

**Art. 10. Insuficiencia documental ou deficiencias das solicitudes ou comunicacións.**

1. As omisións, incorreccións ou faltas na documentación obrigada producirán a paralización do procedemento e o requirimento da súa achega no prazo de 10 días.

   Transcorrido este sen que se presentase, entenderase que se desiste do solicitado, polo que se procederá á súa declaración e ao arquivo do expediente.
2. No caso das comunicacións previas, as omisións ou carencias documentais determinarán a súa ineficacia como habilitación administrativa, (nomeadamente, a definición polo miúdo dos acabados, do RAL e gama cromática).

   Poderá presentarse a emenda de aquelas no trámite que se concede ao acordarse a incoación do procedemento de declaración de ineficacia.

**Art. 11. Resolución.**

1. Os prazos de resolución das peticións previstos legalmente, en cada caso, contaranse desde o día seguinte á entrada nos rexistros ou na sede da solicitude ou presentación do modelo de comunicación coa documentación técnica completa.
2. Para que as comunicacións previas de obras que se presenten adquiran eficacia como título habilitante deberá presentarse a documentación esixible completa 15 días antes da data que se considere para iniciar as obras.
3. O contido das resolucións axustaranse ao previsto na lexislación do Solo e as ordenanzas municipais que rexen para a tramitación das habilitacións administrativas de obras no termo municipal da Coruña.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA.**

Única: Serán esixibles as determinacións desta norma nos procedementos relativos a obtención das habilitacións administrativas esixibles para executar as obras obxecto desta regulación que se presenten desde a data da súa entrada en vigor.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

Única: Esta ordenanza entrará en vigor no prazo de 15 días da súa publicación no BOP.

**ANEXO 1:**

Integración das actuacións de rehabilitación enerxética na paisaxe urbana-A Coruña: https://www.coruna.gal/urbanismo/OrdenanzaMelloraEnerxeticaAnexo